



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 27 de setembro de 2018**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
M^a José Caride Estévez.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D. Carlos López Font.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Invitados

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e sete de setembro de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1037).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 13 de setembro, e extraordinaria e urxente do 18 de setembro de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1038).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS (RELACIÓN 8/2018). EXPTE. 11659/111.

Dáse conta do informe-proposta do 18/09/18, asinado polo letrado-xefe de Área Xudicial-Asesoría Xurídica, e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Sentenza nº 337 do 11 de setembro de 2018

Expediente nº 10589/111

Xulgado do Social nº 4 de VIGO

Ordinario: 386/2017

Obxecto: Reclamación de cantidades

Esta sentenza non é firme, e fronte a ela cabe Recurso de Suplicación. A sentenza recolle a doutrina xa establecida polo TS en canto ao importe da indemnización para o persoal indefinido non fixo que, no marco dos procesos selectivos de regularización, non superan a oposición/concurso-oposición.

Considera insuficiente a indemnización equivalente aos 8 días de salario por ano traballado, e a eleva aos 20 que fixou xa o TS. Estima sen embargo, o cálculo do salario regulador diario que aportou a defensa municipal.

A condena é ao abono dos 13.267,2 euros calculados na sentenza.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

2.- Sentenza nº 150 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11121/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 420/2017

Obxecto: Contra resolución de data 16/10/2017, que desestima reclamación patrimonial por danos sufridos a consecuencia dunha caída na rúa.

Expte(s): 5237/243

Esta sentenza, firme, desestima o recurso contra a resolución do 17.10.2017 pola que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial.

Non procede a imposición de costas procesuais.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

3.- Decreto nº 38 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11203/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 27/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. o 05/10/2017 sobre dereitos laborais.

Expte(s): 30623-220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

4.- Decreto nº 26 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11205/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 23/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Acepta o desistimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

5.- Decreto nº 36 do 3 de setembro de 2018



Concello de Vigo

Expediente nº 11206/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 24/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer do resolto.

6.- Decreto nº 46 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11207/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 25/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

7.- Decreto nº 27 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11208/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 26/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

8.- Decreto nº 34 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11209/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 28/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

9.- Decreto nº 30 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11210/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 29/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

10.- Decreto nº 40 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11211/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 30/2017

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

11.- Decreto nº 23 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11212/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 31/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

12.- Decreto nº 39 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11213/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 32/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

13.- Decreto nº 25 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11214/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 33/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

14.- Decreto nº 35 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11215/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 34/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.



Concello de Vigo

15.- Decreto nº 47 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11216/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 35/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

16.- Sentenza nº 155 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11269/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 62/2018

Obxecto: Contra resolución do 12/01/2018, pola que se desestima recurso de reposición fronte a expediente sancionador.

Expte(s): 178686057

A sentenza, que é firme pola súa contía, de 200 euros, ratifica a actuación administrativa impugnada, e considera que o demandante, en canto aos feitos e a súa valoración xurídica, non realizou unha parada, senón un estacionamento, responsabilizándoo dunha conducta tipificada. Se condena en custas ao demandante.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

17.- Sentenza nº 157 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11278/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 65/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.

Expte(s): EXPTE. 30618/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso presentado fronte ao Acordo da XGL do 21/9/2017, no que se desestima a solicitude de nomeamento como funcionario interino do actor.

A sentenza, relacionada con outras resoltas no mesmo sentido, fai mención á xurisprudencia do Tribunal Europeo e á plena aplicabilidade do disposto na Lei de Emprego Público de Galicia.

A Área de Recursos Humanos debe coñecer do resolto.

18.- Decreto nº 41 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11279/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 67/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.

Expte(s): 30618/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

19.- Decreto nº 42 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11280/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 70/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.

Expte(s): 30618/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

20.- Decreto nº 44 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11281/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 72/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.

Expte(s): 30618/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

21.- Decreto nº 24 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11282/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 73/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.

Expte(s): 30618/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

22.- Decreto nº 43 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11283/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 75/2018

Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.

Expte(s): 30618/220

Acepta o desestimento da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

23.- Sentenza nº 165 do 6 de setembro de 2018

Expediente nº 11286/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 88/2018

Obxecto: Contra resolución do 25/09/2017 desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial por caída na vía pública o 19/09/2016.

Expte(s): 5211/243

A sentenza desestima o recurso presentado pola parte demandante fronte á desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial presentada. Considera que a resolución municipal está motivada e que non concorre a responsabilidade municipal.



Concello de Vigo

Non se considera acreditada a existencia de nexo causal.
O Departamento de Patrimonio debe coñecer do resolto.

24.- Decreto nº 33 do 3 de setembro de 2018
Expediente nº 11287/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO
Abreviado: 68/2018
Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.
Expte(s): 30618/220
Acepta o desestimento da demanda.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

25.- Decreto nº 37 do 3 de setembro de 2018
Expediente nº 11289/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO
Abreviado: 64/2018
Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.
Expte(s): 30618/220
Acepta o desestimento da demanda.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

26.- Decreto nº 32 do 3 de setembro de 2018
Expediente nº 11290/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO
Abreviado: 74/2018
Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.
Expte(s): 30618/220
Acepta o desestimento da demanda.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

27.- Decreto nº 31 do 3 de setembro de 2018
Expediente nº 11291/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO
Abreviado: 69/2018
Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.
Expte(s): 30618/220
Acepta o desestimento da demanda.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

28.- Decreto nº 28 do 3 de setembro de 2018
Expediente nº 11299/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO
Abreviado: 66/2018
Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.

Expte(s): 30618/220
Acepta o desestimento da demanda.
O departamento de persoal debe coñecer o resolto.

29.- Decreto nº 29 do 3 de setembro de 2018
Expediente nº 11300/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO
Abreviado: 71/2018
Obxecto: Contra acordo ditado pola X.G.L. de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.
Expte(s): 30618/220
Acepta o desestimento da demanda.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

30.- Sentenza nº 163 do 5 de setembro de 2018
Expediente nº 11301/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO
Abreviado: 81/2018
Obxecto: Contra resolución ditada o 11/12/2017, que desestima reclamación de responsabilidade patrimonial por danos e prexuízos por caída sufrida na rúa.
Expte(s): 5276/243
Contía: 25.693,83 €
Esta sentenza, que é firme, desestima o recurso interposto pola demandante, nun suposto de danos (caída na Avda Castela), e no que se reclamaban uns 26.000 euros.
A resolución considera axustada a dereito a motivación da resolución municipal, e inexistente o defecto na beirarrúa, como susceptible de xerar un nexo causal. Non hai un defecto de tal magnitude (o define como pequena diferenza de nivel) que ampare as pretensións da demandante.
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer do resolto.

31.- Sentenza nº 164 do 5 de setembro de 2018
Expediente nº 11396/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO
Abreviado: 145/2018
Obxecto: Contra resolución do 31/01/2018 desestimatoria do recurso de reforma formulado contra outra do 13/06/2017 estimatoria parcial da reclamación de responsabilidade patrimonial.
Expte(s): 4916/243
Esta sentenza, firme, desestima o recurso, confirmando o acto administrativo recorrido.
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto (e os de Vías e Obras e Augas verificar os problemas de conservación e seguridade que poidan derivarse da acumulación de auga por choivas no citado lugar).

32.- Sentenza nº 152 do 3 de setembro de 2018
Expediente nº 11459/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO
Abreviado: 184/2018
Obxecto: Contra resolución do 15/02/2018 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra a imposición de sanción de 900 euros por non identificar ao condutor.



Concello de Vigo

Expte(s): 36313/700

Esta sentenza desestima o recurso contencioso-administrativo contra a resolución desestimatoria do recurso de reposición de data 15.02.2018. Declara dita resolución conforme a dereito. Non hai condena en costas. Non cabe recurso.

Comuníquese a oficina de Tesourería, Recadación executiva en relación co expte 36313/700.

33.- Sentenza nº 156 do 3 de setembro de 2018

Expediente nº 11465/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 182/2018

Obxecto: Contra acordo da XGL do 22/02/2018 desestimatorio do recurso de reposición formulado contra outro de data 28/12/2017 publicación OEP 2015.

Expte(s): 31433/220

Esta sentenza desestima o recurso presentado contra a o acordo da XGL de 22.02.2018 (que desestima o recurso contra o acordo da XGL 28.12.2017 que aproba a oferta de emprego público 2017).

Cabe recurso de apelación.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

34.- Sentenza nº 152 do 31 de xullo de 2018

Expediente nº 11471/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 152/2018

Obxecto: Resolución ditada no expediente sancionador nº 1706163 que impón sanción de 1.111.34euros por infracción do artigo 9 bis 1 a) da Lei de seguridade vial

Expte(s): 1706163

A sentenza resolve, desestimando o recurso interposto, a impugnación da sanción en materia de tráfico e seguridade vial. Esta sentenza é firme.

Considera un deber do/a titular dun vehículo, o de manter actualizados os datos de contacto en orde á recepción das notificacións administrativas. Se ratifica a actuación administrativa.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

35.- Sentenza nº 166 do 6 de setembro de 2018

Expediente nº 11492/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 214/2018

Obxecto: Contra resolución do 17/04/2018 desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos nos seu vehículo causados pola piona sita na rúa Teófilo Llorente.

Expte(s): 5513-243

Contía: 3.860,71 €

Sentenza firme que confirma a resolución administrativa, consistente na desestimación da reclamación por danos no vehículo do demandante, causados polo dispositivo de regulación do acceso de vehículos ao Casco Vello e zonas restrinxidas.

O actor non se percatou de que o dispositivo contaba co semáforo en fase vermella, e a pesares de que a Policía Local alí presente tentou avisalo, o elemento danou os baixos do

vehículo. A existencia dun dispositivo especial de tráfico non exime ao conductor do seu deber de coidado á hora de conducir.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer do resolto

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso deste administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.



Concello de Vigo

3(1039).- CONCESIÓN SUBVENCIÓN DIRECTA Á ASOCIACIÓN “ESPAÑA CON ACNUR” (COMITÉ ESPAÑOL DO ALTO COMISIONADO DAS NACIÓNS UNIDAS PARA OS REFUXIADOS) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO: “PROTECCIÓN E ASISTENCIA BÁSICA Á POBOACIÓN SIRIA REFUXIADA NO LÍBANO”. EXPTE. 154669/301.

Visto o informe de fiscalización do 19/09/18, dáse conta do informe-proposta do 07/06/18, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social, e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.1. En data 25.04.2018 (Código solicitude W272170-2434; Doc. nº 180061448) o/a representante da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento dun proxecto humanitario de atención ás persoas refuxiadas sirias residentes nas zonas urbanas da gobernación Mount Lebanon, no Líbano, consistente en proveer a 250 familias refuxiadas sirias (1.500 persoas) de asistencia en efectivo (*cash assistance*) para satisfacer as súas necesidades básicas.

I.2. Achegouse tamén a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS., estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 07.06.2018, a Concelleira delegada da Área de Política Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución da subvención a favor da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados, Xenebra (Suíza) 1951.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.

- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLEX. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- Orde do «Ministerio de Economía y Hacienda» EHA/875/2007, do 29 de marzo, pola que se determina o contido e especificacións técnicas da información a subministrar á Base de Datos Nacional de Subvencións regulada no RD.887/2006.
- Resolucións da IGAE do 04.12.2015 (proceso de migración á nova BDNS), 07.12.2015 (registro e acreditación de órganos e usuarios da nova BDNS), 09.12.2015 (contido e periodicidade da información a subministrar) e 10.12.2015 (proceso de registro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións); BOE nº 299, do 15.12.2015, ditadas ó abeiro do Art. 20.10 da LXS.
- Orde da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, do 16.07.2009, reguladora do sistema, formatos e especificacións dos medios establecidos para a obtención de datos polo módulo Subvencións, para a formación dos registros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, e para a remisión de información á BDNS.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. Segundo se indica na Memoria presentada, o “Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados” (ACNUR/UNHCR) brinda protección e asistencia ás persoas refuxiadas e desprazadas no mundo. ACNUR foi creado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e



Concello de Vigo

comezou a traballar en 1951. Desde a súa creación ten proporcionado asistencia a millóns de persoas refuxiadas e desprazadas en todo o mundo, o que lle valeu o recoñecemento de dous Premios Nobel da Paz, en 1954 e 1981, e o Premio Príncipe de Asturias en 1991.

As últimas estatísticas dispoñibles reflicten que 65,6 millóns de persoas refuxiadas tiveron que fuxir da violencia, das que 49,5 millóns foron asistidas por ACNUR (12,9 millóns son refuxiadas e 36,6 millóns desprazadas internas).

ACNUR basea o seu mandato na Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados de 1951, que ten como obxectivo garantir o exercicio efectivo dos dereitos humanos das persoas refuxiadas e a non repatriación contra a súa vontade a un país onde sufran persecución. O Alto Comisionado axúdalles a repatriarse ó seu país de orixe cando as condicións así o permitan, a integrarse nos países de asilo ou a reasentarse en terceiros países.

III.2. Estímase que hai aproximadamente 1.500.000 persoas refuxiadas sirias no Líbano, aínda que soamente 1.001.151 están rexistradas con ACNUR. A poboación refuxiada siria rexistrada con ACNUR vive por todo o país, en áreas rurais, urbanas e semi-urbanas. O 44% nas rexións fronteirizas con Siria: Akkar, Bekaa e Baalbek-Hermel, mentres que o resto vive en áreas suburbanas e urbanas no contorno das principais cidades de Tyre, Saida, Trípoli e, particularmente, nos municipios arredor de Beirut. Concretamente, na gobernación de Mount Lebanon, colindante coa rexión capitalina, reside o 27% das persoas refuxiadas sirias.

III.3. Neste contexto, o obxectivo xeral de ACNUR é o de contribuir ó proceso de protección internacional dos/as refuxiados/as sirios/as nos países limítrofes e próximos a Siria (Turquía, Líbano, Xordania, Iraq e Exipto) asegurando o acceso a servizos de emerxencia. O obxectivo específico deste proxecto humanitario que se pretende subvencionar é proveer a 250 familias refuxiadas sirias que residen nas zonas urbanas de Mount Lebanon de asistencia en efectivo para satisfacer as súas necesidades básicas (alimentos, vivenda, saúde, etc.).

III.4. O proxecto presentado non constitúe unha iniciativa aillada, senón que se enmarca no Programa Xeral de Resposta de ACNUR á emerxencia de Siria. O persoal de ACNUR que traballa no programa de Líbano ascende actualmente a 730 persoas, 616 traballadores nacionais e 114 internacionais, repartidas en 6 oficinas.

III.5. As persoas beneficiarias directas do proxecto "*PROTECCIÓN E ASISTENCIA BÁSICA Á POBOACIÓN SIRIA REFUXIADA NO LÍBANO*" serían un total de 1.500. Trátase de 250 familias entre as máis vulnerables aloxadas en zonas urbanas da gobernación de Mount Lebanon, cunha media de 6 persoas por familia.

III.6. Preténdese que todas estas persoas e familias conten con acceso garantido, mensual e en condicións de calidade, a axuda en efectivo (*cash assistance*) para satisfacer as súas necesidades básicas. Concretamente, distribuiranse 175 USD/mes a 250 familias durante os 12 meses de duración do proxecto.

Tal como indica ACNUR no proxecto presentado, nos últimos anos as axudas en efectivo están sendo utilizadas en maior medida fronte ás dotacións en especie, tendo en conta os bos resultados custo-eficiente obtidos en diferentes contextos. Así, o diñeiro en efectivo

elíxese como unha modalidade principal de asistencia xa que empodera e promove a dignidade de elección dos seus receptores, estimula os mercados locais e reduce os custos operativos da prestación de asistencia, en comparación coas modalidades en especie.

III.7. Segundo se reflicte no orzamento presentado, o custo total deste proxecto humanitario estímase en 459.960,90€, dos que o Concello de Vigo achegaría 40.000 € (o 8,70%). O resto sería financiado pola propia ACNUR e os seus doantes internacionais.

III.8. Os orzamentos do Concello de Vigo non prevén a referida subvención con carácter nominativo. Con todo, a posibilidade da súa concesión directa, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras que dificulten a súa convocatoria pública está expresamente prevista nos Arts. 22.2.c) da LXS, 19.4.c) da LSG e 67 do RD.887/2006 e, no mesmo sentido, na Base nº 38, Apdo. 4.2, das de execución dos orzamentos municipais.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrución e ó restablecemento institucional.

III.9. No presente caso xustificáranse tanto a excepción dos principios xerais de publicidade e concorrência que deben rexer esta materia como o interese público, social e humanitario do proxecto presentado por ACNUR (motivacións necesarias para utilizar o procedemento de concesión directa ex artigo 19.4 LSG), sendo posible financiar o gasto que representa con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axuda o tercer mundo”).

A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.10. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “cooperación para o desenvolvemento”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).



Concello de Vigo

- A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento” (Art. 23.1.a)].
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «as entidades que integran a Administración Local» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.11. O proxecto presentado ó Concello de Vigo pola Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) estaría en coherencia tanto coas políticas de acción humanitaria da “Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo” (AECID), dependente do *Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación*, que inclúe a atención especial á poboación siria refuxiada nos países limítrofes dentro das súas prioridades xeográficas e sectoriais («V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021» e «Estrategia humanitaria de contexto 2018 – 2019 Siria e Iraq»), como coas políticas de acción humanitaria da cooperación galega, concretadas no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021», no que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas respostar ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade e

propónse dar continuidade ó traballo con organizacións multilaterais ou especializadas neste eido como ACNUR.

III.12. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder á Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) unha subvención directa por importe de 40.000€ (CORENTA MIL EUROS) para o desenvolvemento do proxecto humanitario “PROTECCIÓN E ASISTENCIA BÁSICA Á POBOACIÓN SIRIA REFUXIADA NO LÍBANO”, de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo que constan no Exp. nº 154670/301 (2018).

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 40.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axuda o tercer mundo”) dos orzamentos vixentes, a favor da Asociación “España con ACNUR”, CIF G – 80757560.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerese polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto:* o obxecto desta subvención será a execución do proxecto de ACNUR “PROTECCIÓN E ASISTENCIA BÁSICA Á POBOACIÓN SIRIA REFUXIADA NO LÍBANO”, consistente na atención ás persoas refuxiadas sirias residentes nas zonas urbanas da gobernación Mount Lebanon, no Líbano. Centrarase en proveer a 250 familias refuxiadas sirias (1.500 persoas), durante 12 meses, de asistencia en efectivo (*cash assistance*) para satisfacer as súas necesidades básicas segundo estándares internacionais.

2ª.- *Carácter singular da subvención e interese humanitario do proxecto:* trátase dun proxecto de carácter singular e de evidente interese humanitario que xustifica o seu otorgamento como subvención directa ó abeiro dos Arts. 22.2.c), 28 e ccdtes. da LXS e 19.4.c) e 26 da LSG. Xustifícanse documentalmentes tales extremos na Memoria do proxecto



Concello de Vigo

presentado pola Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) que consta no expediente de referencia (Art. 67 RD.887/2006 e Base nº 38 Apdo. 4.2, último pfo.).

3ª.- *Beneficiarios e modalidades de axuda*: os/as beneficiarios/as directos/as da axuda municipal serían unhas 1.500 persoas (250 familias sirias refuxiadas) que poderán acceder á asistencia en efectivo dispensada por ACNUR para cubrir as súas necesidades básicas.

4ª.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“*Axuda o tercer mundo*”) dos vixentes orzamentos municipais.

5ª.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (ACNUR), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («*Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior*»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

6ª.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

7ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto tanto na Base nº 38 das de execución dos orzamentos municipais como na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á

natureza e características específicas do proxecto humanitario de ACNUR, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente **antes do 01.11.2018** a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá, como comprobantes da recepción e correcta execución dos fondos, os seguintes documentos:

- Informe técnico final.
- Certificado emitido pola entidade solicitante de que o proxecto foi executado na súa totalidade e a consecución de obxectivos.
- Certificado emitido pola entidade solicitante do tipo de cambio aplicado.
- Documentación acreditativa do envío dos fondos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Copia do ingreso da subvención na conta da entidade solicitante.
 - Copia da transferencia bancaria efectuada por parte da entidade solicitante á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da desagregación da transferencia bancaria efectuada á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da non existencia de gastos e intereses dos fondos outorgados o tempo que estiveron depositados na conta da entidade solicitante antes de ser transferidos á contraparte local (UNHCR/ACNUR)
- Documentación acreditativa da recepción dos fondos pola contraparte local (UNHCR/ACNUR).
- Copia da factura expedida por UNHCR/ACNUR xustificativa do gasto realizado.
- Certificado da entidade solicitante acreditando a autenticidade da copia da factura.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

8ª.- *Protección de datos*: a beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do/a seu/súa representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión desta subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP (L.39/2015) e na LRXSP (L.40/2015) e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.



Concello de Vigo

9ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención rexeráse, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1040).- CONCESIÓN SUBVENCIÓN DIRECTA A UNICEF PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO: “APOIO DE EMERXENCIA OS/AS NENOS/AS AFECTADOS/AS POLO CONFLICTO EN SIRIA-SAÚDE PARA OS/AS NENOS/AS SIRIOS/AS”. EXPTE. 156586/301.

Visto o informe de fiscalización do 19/09/18, dáse conta do informe-proposta do 13/06/18, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social, e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 16.05.2018 (Códigos solicitude W275456-3376 e W275464-2007; Docums. núms 180076139 e 180076216) a Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento dese proxecto humanitario en Siria, co que se pretende facilitar que os/as nenos/as sirios/as e as súas familias teñan acceso a servizos médicos totalmente equipados.

Achegouse tamén a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS., estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 08.06.2018, a Concelleira delegada da Área de Política Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor de UNICEF para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLEX. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.



Concello de Vigo

- Orde do «Ministerio de Economía y Hacienda» EHA/875/2007, do 29 de marzo, pola que se determina o contido e especificacións técnicas da información a subministrar á Base de Datos Nacional de Subvencións regulada no RD.887/2006.
- Resolucións da IGAE do 04.12.2015 (proceso de migración á nova BDNS), 07.12.2015 (registro e acreditación de órganos e usuarios da nova BDNS), 09.12.2015 (contido e periodicidade da información a subministrar) e 10.12.2015 (proceso de registro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións); BOE nº 299, do 15.12.2015, ditadas ó abeiro do Art. 20.10 da LXS.
- Orde da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, do 16.07.2009, reguladora do sistema, formatos e especificacións dos medios establecidos para a obtención de datos polo módulo Subvencións, para a formación dos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, e para a remisión de información á BDNS.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. A Convención Internacional sobre os dereitos do neno, ratificada por España en 1990, consagra, entre outros, o dereito dos nenos e nenas a recibir unha educación orientada a desenvolver a súa personalidade e capacidades, ó descanso e o lecer, ó xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade e tamén o deber dos Estados de adoptar todas as medidas posibles para asegurar a protección e o coidado dos/as nenos/as afectados/as por un conflito armado (Arts. 28-31, 38 e ccdtes.).

III.2. UNICEF, Axencia da ONU para a infancia, fundada en 1946, é a organización líder mundial neste ámbito e conta con presenza activa en máis de 190 países. Na actualidade, a Oficina de UNICEF en Siria traballa para protexer os dereitos dos nenos/as afectados/as polo conflito e as súas familias, procurando garantir a súa supervivencia.

III.3. Os ataques ós hospitais e escolas en Siria teñen causado innumerables mortes e feridos entre a poboación civil e privado ós/ás nenos/as dos seus dereitos básicos de acceso á educación e á sanidade.

No sector da saúde, o obxectivo de UNICEF é o de manter e reactivar os servizos de inmunización para a infancia e apoiar a atención da saúde materna e pediátrica con subministros de saúde básicos, equipamiento e formación.

En 2018, o Comité Español de UNICEF centrase en apoiar un programa de saúde co obxectivo de facilitar a prestación de servizos de saúde materno-infantil e ampliará os servizos de inmunización de calidade. UNICEF promoverá a vacinación infantil nas zonas de difícil acceso e sitiadas e a restauración dos servizos de inmunización nas novas zonas accesibles e nos campamentos. Fortaleceranse as intervencións de comunicación para o desenvolvemento en apoio da inmunización sistemática, en particular para previr os brotes de polio.

III.4. As persoas beneficiarias directas do proxecto *“APOIO DE EMERXENCIA ÓS/ÁS NENOS/AS AFECTADOS/AS POLO CONFLICTO EN SIRIA – SAÚDE PARA OS/AS*

NENOS/AS SIRIOS/AS” serían unhas 11.170, contando cos nenos e nenas sirios/as e as súas familias. Desenvolverase nas zonas afectadas polo conflito en Siria, incluíndo as zonas de difícil acceso ou sitiadas, como Aleppo e Homs.

III.5. As actividades incluídas no proxecto de UNICEF desagréganse do seguinte xeito:

- Actividade 1.1. Distribución de kits básicos de saúde en emerxencias para 10.000 persoas.
- Actividade 1.2. Distribución de subministros básicos para atender a nenos/as e embarazadas. Inclúe: 6 kits pediátricos e 6 kits de parteira.
- Actividade 1.3. Posta en funcionamento dunha clínica móbil para atender ás persoas que se atopan en zonas asediadas ou de difícil acceso.

III.6. O orzamento estimado por UNICEF para levar a cabo este proxecto humanitario é de 30.000€ (TRINTA MIL EUROS); importe da subvención que se solicita ó Concello de Vigo.

III.7. Os orzamentos do Concello de Vigo non prevén a referida subvención con carácter nominativo. Con todo, a posibilidade da súa concesión directa, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras que dificulten a súa convocatoria pública está expresamente prevista nos Arts. 22.2.c) da LXS, 19.4.c) da LSG e 67 do RD.887/2006 e, no mesmo sentido, na Base nº 38, Apdo. 4.2, das de execución dos orzamentos municipais.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrucción e ó restablecemento institucional.

III.8. No presente caso xustificáranse tanto a excepción dos principios xerais de publicidade e concorrència que deben rexer esta materia como o interese público, social e humanitario do proxecto presentado por UNICEF (motivacións necesarias para utilizar o procedemento de concesión directa ex artigo 19.4 LSG), sendo posible financiar o gasto que representa con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axuda o tercer mundo”).

A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.9. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se



Concello de Vigo

leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “cooperación para o desenvolvemento”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).

- A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento” (Art. 23.1.a)).
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «as entidades que integran a Administración Local» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.10. No proxecto presentado ó Concello de Vigo por UNICEF xustifícase expresamente a súa coherencia, tanto coas políticas de acción humanitaria da “Agencia Española de

Cooperación Internacional para el Desarrollo” (AECID), dependente do Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación (na actualidade: «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021» e «Estrategia humanitaria de contexto 2018 – 2019 Siria e Iraq») como coas políticas de acción humanitaria da cooperación galega, concretadas hoxe no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021», no que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas respostar ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade.

III.11. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia) unha subvención directa por importe de 30.000€ (TRINTA MIL EUROS) para o desenvolvemento dun proxecto humanitario en Siria co que se pretende facilitar que os/as nenos/as e as súas familias teñan acceso a servizos médicos totalmente equipados, de acordo co documento e a proposta presentadas ó Concello de Vigo: “APOIO DE EMERXENCIA ÓS/ÁS NENOS/AS AFECTADOS/AS POLO CONFLICTO EN SIRIA – SAÚDE PARA OS/AS NENOS/AS SIRIOS/AS”.

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 30.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axuda o tercer mundo”) dos orzamentos vixentes, a favor da Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia), CIF G – 84451087.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerese polas seguintes Estipulacións:

1ª.- Obxecto: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto de UNICEF “APOIO DE EMERXENCIA ÓS/ÁS NENOS/AS AFECTADOS/AS POLO CONFLICTO EN SIRIA – SAÚDE PARA OS/AS NENOS/AS SIRIOS/AS”, co que se pretende facilitar que os/as nenos/as sirios/as e as súas familias teñan acceso a servizos médicos totalmente equipados.



Concello de Vigo

2ª.- Carácter singular da subvención e interese humanitario do proxecto: trátase dun proxecto de carácter singular e de evidente interese humanitario que xustifica o seu otorgamento como subvención directa ó abeiro dos Arts. 22.2.c), 28 e ccdtes. da LXS e 19.4.c) e 26 da LSG. Xustifícanse documentalmente tales extremos na Memoria do proxecto presentado por UNICEF que consta no expediente de referencia (Art. 67 RD.887/2006 e Base nº 38 Apdo. 4.2, último pfo.).

3ª.- Beneficiarios/as e modalidades de axuda: as persoas beneficiarias directas da axuda municipal serían unhas 11.170, contando cos nenos e nenas sirios/as e as súas familias.

4º.- Crédito orzamentario: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 ("Axuda o tercer mundo") dos vixentes orzamentos municipais.

5º.- Pagamento: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (UNICEF), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención "sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida" («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

6º.- Compatibilidade: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

7ª.- Xustificación: ó abeiro do previsto tanto na Base nº 38 das de execución dos Orzamentos municipais como na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de UNICEF en Siria, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente **antes do 01.11.2018** a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá, como comprobantes da recepción e correcta execución dos fondos, os seguintes documentos:

- Documento xustificativo da transferencia de fondos desde o Comité Español de UNICEF, con indicación expresa do doante, a cantidade e o proxecto ó que se destinan.
- Certificado de recepción de fondos emitido pola central de UNICEF en Nova York, onde se reflicte o tipo de cambio.
- Certificado da subvención recibida asinado pola directora de Administración e Finanzas de UNICEF – Comité español, detallando o proxecto ó que se destinan os fondos.
- Ficha – resumo da situación de emerxencia.

En xuño de 2019 entregarase, ademais, un informe narrativo consolidado da acción de emerxencia levada a cabo na anualidade de 2018.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

8ª.- *Protección de datos*: a beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión desta subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP (L.39/2015) e na LRXSP (L.40/2015) e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

9ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos



Concello de Vigo

municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1041).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO QUE DESESTIMA UNHA SUBVENCIÓN PARA FOMENTO DE EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2018. EXPTE. 15646/77.

Visto o informe de fiscalización do 20/09/18, dáse conta do informe-proposta do 07/09/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, lo concelleiro-delegado de Emprego, e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, mediante acordo de data 24/07/2018, desestimou integramente a solicitude de subvención achegada pola ASOCIACION CRUZ ROJA ESPAÑOLA (Q2866001G), tramitada en expte 14950/77, por constar inscrita en epígrafe non válido (6).

II. A devandita resolución foi notificada electrónicamente á interesada en data 30/07/2018, segundo o acuse de recibo que consta no expediente electrónico.

III. Con Rexistro de entrada no Concello de Vigo de data 24/08/2018, dona Purificación Serrano Caviedes, actuando en nome e representación de Cruz Vermella Española - Asemblea Comarcal de Vigo, interpón recurso de reposición contra a resolución ditada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, pola que se desestima integramente, conforme ao 23.3 da LSG a solicitude de subvención para o fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro achegada por Cruz Vermella.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Recurso de reposición:

O recurso de reposición achegado reúne os requisitos obxectivos e temporais que para a súa admisibilidade esixen os artigos 123 e 124 da vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), polo que cómpre admitilo a trámite e proceder á análise das alegacións achegadas.

II. Alegacións:

A interesada, en síntese, manifesta o seguinte:

- que os Estatutos de Cruz Vermella Española, no seu artigo 5,1 establecen entre os fins da Institución o seguinte: "A promoción e colaboración en accións de solidariedade, de cooperación ó desenvolvemento e de benestar social en xeral e de servizos asistenciais e sociais, con especial atención a colectivos e a persoas con dificultades para a súa integración social":
- que o artigo 1º do Real Decreto 415/1996 do 1 de marzo que establece as normas de ordenación de Cruz Vermella Española (BOE 5 de marzo de 1996), reflexa a natureza e réxime xurídico da organización e literalmente, di: Artículo 1.1 "Cruz Vermella Española, fundada o 6 de xullo de 1864, de acordo coa Conferencia Internacional de Ginebra de 1863, é unha Institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, que desenvola a súa actividade baixo a protección do Estado a través do Ministerio de Asuntos Sociais (hoxe, Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade), axustándose ó previsto nos convenios internacionais sobre a materia nos que España sexa parte, ó presente Real Decreto, á lexislación que lle sexa aplicable y ás súas propias normas internas".
- que polo exposto Cruz Vermella Española non é nin unha Asociación nin unha Fundación e por iso no ha de figurar inscrita nos rexistros públicos que dispón o ordeamento xurídico español vixente para estas ou outras persoas xurídicas.
- que tendo en conta estes regulamentos, Cruz Vermella é unha Institución que cumpre cos requisitos para ser beneficiaria da mencionada subvención, dado o obxecto dos seus fins, e que ademais non debe estar inscrita no Rexistro de Asociacións.

III. Convocatoria de subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro 2018 (expte. 14538/77):

As bases reguladoras e convocatoria de Subvencións para o fomento do emprego de entidade sen ánimo de lucro. Expte. 14538/77, foron aprobadas mediante acordos da Xunta de Goberno Local, do 11/01/2018 e do 25/01/2018 de corrección de erros, e publicadas no BOP núm. 16, do 23/01/2018.

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

IV. Normativa de aplicación:

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG); a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Os artigos 13 da LXS e 10 da LSG indican que poderán obter a condición de beneficiaria as entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas



Concello de Vigo

que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.

Dacordo co establecido na Base 1ª poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo:

- ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais” Epígrafes 10.1 e 10.5.
- ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” **Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.**
- ✓ Programa III: “Organizacións sindicais” Epígrafes 5.1
- ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”. Epígrafes 5.2
- ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”. Epígrafe 10.7
- ✓ Programa VI: “Entidades deportivas” Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2

A BASE 2ª.2 establece que as beneficiarias deberán estar debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

Porén, a ASOCIACION CRUZ ROJA ESPAÑOLA (Q2866001G), consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 180-91, **no epígrafe 6.**

Os artigos 14.b) da LXS e 11.b) da LSG establecen que son obrigas do beneficiario xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións así coma a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.

A BASE 7ª recolle entre as obrigas que asumen as entidades subvencionadas, a de xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións

Dacordo co disposto na BASE 11ª.2, na fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións, polo que unha vez examinada a documentación achegada polas entidades, desestimaranse aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.

De conformidade co anteriormente exposto, a ASOCIACION CRUZ ROJA ESPAÑOLA (Q2866001G), que consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 180-91, no epígrafe 6, non reuniría os requisitos esixidos ás beneficiarias para participar na presente convocatoria, polo que incorre nunha das causas de exclusión previstas nas bases reguladoras e, en consecuencia, a súa solicitude de subvención resulta desestimada.

VI. Resolución dos recursos administrativos

O art. 119 daLPAC dispón que a resolución do recurso estimará en todo ou en parte ou

desestimar as pretensións formuladas no mesmo ou declarará a súa inadmisión.

Dacordo cos antecedentes de feito e fundamentos de dereito anteriormente expostos, resulta procedente a desestimación do recurso de reposición achegado pola entidade recorrente toda vez que as alegacións anteriormente expostas non desvirtúan os fundamentos de feito e de dereito que serviron de motivación á resolución impugnada a tenor do establecido nos artigos 13 e 14.b) da LXS, 10 e 11.b da LSG, e nas Bases 1ª, 2ª, 7ª e 11ª.2 reguladoras da presente convocatoria de subvencións.

VII. Órgano competente:

Dacordo co previsto nas bases reguladoras da subvención e na lexislación de réxime local e de procedemento administrativo común, a adopción do devandito acordo é da competencia da Xunta de Goberno Local.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto na vixente lexislación de subvencións, nas bases reguladoras da convocatoria, da lexislación de réxime local e do procedemento administrativo común, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar, de conformidade coa motivación anteriormente exposta, o recurso de reposición achegado con Rexistro de entrada no Concello de Vigo de data 24/08/2018, por dona Purificación Serrano Caviedes, actuando en nome e representación de Cruz Vermella Española - Asemblea Comarcal de Vigo, contra a resolución ditada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do 24/07/2018 en Exp. 14538/77, que desestimou integramente, a súa solicitude de subvención; toda vez que as alegacións achegadas non desvirtúan os fundamentos de feito e de dereito que serviron de motivación á resolución impugnada a tenor do establecido nos artigos 13 e 14.b) da LXS, 10 e 11.b da LSG, e nas Bases 1ª, 2ª, 7ª e 11ª.2 reguladoras da presente convocatoria de subvencións.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados no expediente aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

6(1042).- PROPOSTA ESTIMATORIA DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA “ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL” E CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO TEMPORADA 2017/2018). EXPTE. 8536/224.

Visto o informe de fiscalización do 19/09/18, dáse conta do informe-proposta do 14/09/18, asinado pola axente de Igualdade, a xefa e a asesora xurídica de Igualdade, a concelleira-delegada de Área, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 03.05.2018 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de axudas a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na temporada 2017/2018.

I.2. A cantidade máxima destinada a este programa foi de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros) que se farían efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311.4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

I.3. A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia os días 16.05.2018 e 22.05.2018, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 23 de maio e rematou o 6 de xuño de 2018.

I.4. No Rexistro Xeral do Concello de Vigo recibíronse 67 solicitudes, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establece a Base Décimo Primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas.

I.5. Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D^a Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade, que actuou como presidenta, D^a Mar Soto García, axente de Igualdade e D^a Cristina Gómez García, xefa do servizo de Igualdade, que ademais actúa como secretaria. A Comisión constituíuse o día 10.07.2018 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme cos criterios sinalados na base sétima da convocatoria. Incorporouse ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e unha táboa que reflicte o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas.

I.6. En aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral a Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de Igualdade, en data 09.08.2018 adoptou o seguinte acordo:

“1º Conceder, con cargo á partida “Promoción da igualdade e do deporte feminino” 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, para a promoción do deporte feminino na temporada 2017/2018, dentro do “Programa de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de axudas a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na temporada 2017/2018”, por un importe total de corenta e catro mil novecentos e noventa e nove euros con trinta e dous céntimos (44.999,32 €); constando no anexo I que se incorpora, a relación de entidades e contía das axudas concedidas.

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do Programa:

a) Por non cumprir o requisito de contar cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2017-2018, de acordo co apartado 1.e da Base Quinta:

- Entidade “Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral”, co CIF G36651073. Segundo a información contida na documentación achegada, a entidade conta con 9 licenzas femininas na tempada 2017/2018.”*

I.7. O Servizo xestor procedeu á notificación das resolucións das axudas concedidas e denegadas ao abeiro deste programa. En data 14.08.2018 notificouse a dita resolución á entidade “Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral”, con CIF G36651073, comunicándolle a denegación da subvención solicitada pois segundo a información contida na documentación achegada, a entidade conta con 9 licenzas femininas na tempada 2017/2018 e a Base Quinta do programa de subvencións establece como requisito para ser beneficiaria destas axudas: *“que as entidades contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2017-2018, ou do ano 2018, no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual”*.

I.8. En data 20.08.2018, a entidade “Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral”, con CIF G36651073 presenta na sede electrónica municipal, un escrito a modo de recurso potestativo de reposición contra dita resolución, mediante instancia na que alegan que a entidade sí ten o mínimo de 10 licenzas femininas na temporada de referencia, e presentan certificación da Federación Galega de Kung-Fu de data 31.05.2018, que xa tiñan presentada xunto coa solicitude inicial de subvención.

II. NORMATIVA APLICABLE

- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).



Concello de Vigo

- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases do “Programa de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de axudas a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na temporada 2017/2018”.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. A entidade “Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral”, con CIF G36651073 en data 04.06.2018 presentou solicitude de subvención ao “Programa de subvencións da Concellería de Igualdade para a promoción do deporte feminino na temporada 2017/2018”, solicitando unha axuda por importe de 200 € para a modalidade deportiva de Kung-Fu.

III.2. A Xunta de Goberno Local en data 09.08.2018, a proposta da Comisión de avaliación do programa de subvencións da Concellería de Igualdade, adopta o acordo de denegar a concesión da solicitude de subvención á dita entidade por considerar, o órgano instructor, que non son conformes coas bases reguladoras do Programa: *“por non cumprir o requisito de contar cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2017-2018, de acordo co apartado 1.e da Base Quinta”*. Esta resolución notifícase á interesada o día 14.08.2018.

III.3. Atendendo á forma e ó prazo de presentación, o recurso de reposición presentado cumpre co establecido nos arts. 123 e 124 da LPACAP e na base décimo cuarta das Bases do programa de subvencións da Concellería de Igualdade.

III.4. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.5. Revisada a documentación do expediente de solicitude da dita entidade, detéctase un erro na valoración realizada pola comisión de valoración. No expediente consta o Anexo II-B, presentado pola entidade, no que declaran que a entidade ten nove licenzas deportivas femininas na temporada de referencia. No expediente tamén consta certificación da Federación de Kung-Fu de data 31.05.2018 na que se acredita que a entidade, na temporada de referencia, ten 31 licenzas deportivas en total, das cales 10 son femininas.

Co obxecto de subsanar este erro, valórase que é procedente propoñer a estimación do recurso presentado polo que a comisión de avaliación procedeu a calcular a puntuación que conforme ó artigo 7 das Bases reguladoras do programa lle corresponden á dita entidade, incorporando a este expediente a ficha valorativa.

A puntuación acadada por esta entidade é de 7 puntos. Tendo en conta o valor do punto calculado para o resto de entidades que foi de 62,937 € a contía que lle correspondería de subvención a esta entidade sería de 440,56 € (62,937 x 7); contía que supera á cantidade solicitada pola entidade (200 €) polo que lle corresponderá a concesión dunha axuda por importe de 200 €.

III.6. En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade despréndese que a entidade cumpre os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, en aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Estimar o recurso potestativo de reposición presentado en data 20.08.2018 pola entidade “Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral”, con CIF G36651073 contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 09.08.2018.

SEGUNDO: Conceder, con cargo á aplicación nº 2311.4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade (“*Promoción da igualdade e do deporte feminino*”), a subvención á entidade “Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral”, con CIF G36651073, para a promoción do deporte feminino na temporada 2017/2018, dentro do “Programa de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de axudas a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na temporada 2017/2018”, por un importe total de 200 €.”

TERCEIRO: Notificar este Acordo á entidade recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da súa notificación».

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I. FICHA DE VALORACIÓN

DEPORTES A: Todos agás B.

DEPORTES B: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo e Tenis



Concello de Vigo

| | | |
|---|--|--|
| ENTIDADE: ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL EXPTE: 8536-224 MODALIDADE DEPORTIVA: KUNG FU TIPO: A | | CONTÍA SOLICITADA: 200 € |
| 1. Número de licenzas femininas na tempada 2017-2018. Ata un máximo de 16 puntos. Con menos de 10 licenzas femininas non son subvencionables. | | NÚMERO DE LICENZAS FEMININAS: 10 licenzas femininas |
| Deporte A: De 10 a 34: 4 puntos De 35 a 59: 6 puntos De 60 a 84: 8 puntos De 85 a 109: 10 puntos De 110 a 134: 12 puntos De 135 a 149: 14 puntos 150 e máis: 16 puntos | Deporte B: De 10 a 69: 2 puntos De 70 a 119: 3 puntos De 120 a 169: 4 puntos De 170 a 219: 5 puntos De 220 a 269: 6 puntos De 270 a 319: 7 puntos 320 e máis: 8 puntos | PUNTOS: 4 puntos |
| 2. Porcentaxe de licenzas femininas con respecto ao total de licenzas na tempada 2017-2018. Ata un máximo de 5 puntos. | | TOTAL DE LICENZAS: 31 |
| Deporte A: Ata o 20 %: 1 punto Máis do 20 ata o 40%: 2 puntos Máis do 40% ata o 60%: 3 puntos Máis do 60% ata o 80%: 4 puntos Máis do 80%: 5 puntos | Deporte B: Ata o 20 %: 1 punto Máis do 20 ata o 40%: 1,5 puntos Máis do 40% ata o 60%: 2 puntos Máis do 60% ata o 80%: 2,5 puntos Máis do 80%: 3 puntos | PORCENTAXE DE LICENZAS FEMININAS: 32,26 % PUNTOS: 2 puntos |
| 3. Porcentaxe de mulleres que integran a actual xunta directiva da entidade. Ata un máximo de 5 puntos 0%: 0 puntos Ata o 20%: 1 punto Do 20 e ata menos do 40: 2 puntos Do 40 e ata menos do 60: 3 puntos Do 60 e ata menos do 80: 4 puntos Do 80 ata 100: 5 puntos | | TOTAL INTEGRANTES DA XUNTA DIRECTIVA: 10 NÚMERO DE MULLERES: 1 PORCENTAXE: 10 % PUNTOS: 1 punto |
| Total puntuación | | 7 puntos |
| A razón de 62,937 por punto | | 440,56 € |
| Contía superior á contía solicitada PROPOSTA DE CONTÍA CONCEDIDA: | | 200 |

7(1043).- INTERPRETACIÓN TRANSITORIA DO ARTIGO 118.3 DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO. EXPTE. 102677/140.

Dáse conta do informe-proposta do 24/09/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, e polo interventor Xeral, que di o seguinte:

O día 9 de marzo de 2018 entrou en vigor a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O artigo 118 establece un novo réxime xurídico da contratación menor e novas contías. En concreto, establece que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministracións ou de servizos.

O apartado 3 do mesmo artigo establece o seguinte:

“No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento da devandita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a) 2º.”

A interpretación literal da limitación contida no citado precepto relativa á necesidade de verificar “(...) que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo” podería levarnos á ilóxica conclusión de que, unha vez realizado un contrato menor por un contratista, este xa non podería volver executar outro contrato menor se con iso supera o límite definido no precepto, sen límite temporal algún, isto é, establece unha prohibición “sine die”.

Por este motivo, foron formuladas por diferentes entes e organismos numerosas consultas ás Xuntas Consultivas de Contratación, tanto do Estado como das respectivas Comunidades Autónomas, sobre a interpretación que debe darse a esta limitación, sen que ata a data a doutrina emitise unha opinión unánime respecto diso.

Podemos citar neste sentido os diferentes criterios interpretativos contidos nos Informes 41/2017 e 42/2017 da Xunta consultiva de contratación Pública do Estado, o Informe 3/2018 da Xunta consultiva de contratación da Comunidade Autónoma de Aragón, o Informe 1/2018 da Xunta consultiva de contratación da Comunidad de Madrid, o informe 1/2018 da Xunta consultiva de contratación de Galicia, ou a recomendación 1/2018 da Xunta asesora de contratación pública de Euskadi, entre outros.

A adopción dun criterio ou outro, en tanto non se consolide doctrinal ou jurisprudencialmente un deles, corresponde a cada concello mediante o correspondente acordo interpretativo. A estes efectos, en prol dunha maior seguridade xurídica, parece que o máis razoable resulta asumir os criterios defendidos pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma á que pertenza a entidade local -no noso caso, Galicia-, e na súa falta, os da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, máxime cando os criterios adoptados por ambos os órganos son coincidentes, como é o caso que nos ocupa.



Concello de Vigo

En definitiva, a fin de poder establecer un criterio uniforme de actuación que ofrezca seguridade xurídica, esta Xefatura de Servizo de Contratación, de acordo coa Intervención Xeral do Concello; entende que procede adoptar, de forma transitoria, o seguinte criterio interpretativo do artigo 118.3 da LCSP establecido nas conclusións dos Informes 41/2017 e 42/2017 da Xunta consultiva de contratación Pública do Estado e no informe 1/2018 da Xunta consultiva de contratación de Galicia, dando conta á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo, así como ás xefaturas das distintas Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento.

CRITERIO DE ACTUACIÓN TRANSITORIO:

Primeiro.- A partir da entrada en vigor da LCSP, e ata que se produza a oportuna modificación legislativa ou se consolide doutrinal ou xurisprudencialmente outro criterio, a regra do artigo 118.3 da LCSP debe entenderse no sentido de que no expediente de contratación do contrato menor debe xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que, por tanto, o contratista non subscribiu máis contratos menores co mesmo obxecto que, individual ou conxuntamente, superen a cifra que consta no apartado primeiro do citado artigo.

En calquera caso, a contratación menor non debe ser utilizada para atender necesidades de carácter recorrente, periódico ou permanente, senón para satisfacer necesidades puntuais da Administración, debendo procederse por parte das diferentes concellalías a facer un esforzo para realizar unha planificación anual ou plurianual da súa actividade contractual e utilizar a pluralidade de procedementos alternativos á contratación menor que recolle a LCSP para atender as súas necesidades cumprindo cos principios inspiradores da Lei.

Segundo.- Dar conta á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

Terceiro.- Dar traslado ás xefaturas das distintas Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento, e aos oportunos efectos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

8(1044).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAÚDABLES, ÁREAS DEPORTIVO XIMNÁSTICAS E MOBILIARIO URBANO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7524/446.

Visto o informe de fiscalización do 20/09/18, dáse conta do informe-proposta do 11/09/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Parques e Xardíns e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 10 de abril de 2015, adoptou o seguinte acordo (expediente 7524/446):

“ Primeiro.- “Adxudicar á Ferrovial Servicios, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (expediente 7524-446), por un prezo de 1.412.609,52 euros (IVE engadido). Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.(...)”.

Formálizase en data 29 de abril de 2015.

O contrato que dará comezo o 1 de maio de 2015, agás para as prestacións relativas ó mantemento, conservación e reposición das áreas biosaúdables e áreas deportivas e ximnásticas, que comezará o día 15 de xullo de 2015, terá unha duración de catro anos (contado dende o 1 de maio de 2015) e poderá ser obxecto de 2 prórrogas de un ano cada unha.

2.- Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en data 13 de maio de 2016, acordou o seguinte (expediente 8732/446):

“1º.- Modificar o contrato de servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo. As modificacións, nos termos que constan no informe do enxeñeiro municipal de data 18 de febreiro de 2016, consistirán en:

- 1. Un incremento da superficie dos parques infantís obxecto do contrato de 754,18 m2, resultado da creación dos novos parques infantís de Aragón Redomeira, Teixugueiras Nº 34 e Pizarro (Urbanización), do incremento da superficie do parque infantil da Praza da Independencia e da supresión do parque infantil de Bouzas.*
- 2. Un incremento da superficie das áreas biosaudables obxecto do contrato de 3054,32 m2, resultado da creación das novas áreas de P.B. Samil, P.B. Aragón, P.B. Praia de Sta Baia, P.B. Alameda de S. Pelaio de Navia, P.B. Rúa Moaña, P.B. Polideportivo Berbés, P.B. Pizarro, P.B. Mestre Montes, P.B. Barrio das Flores, P.B. Mondariz, P.B. Alameda Andrés Gaos, P.B. Balaídos Lagares, P.B Relfas, P.B Independencia, P.B Mercado-Toural de Abaixo, P.B Centro Cultural Becerreira, P.B A. VV Beade, P.B Capela do Vao; e do incremento da superficie dos P. B. Pablo Iglesias e P. B. Parque de Castrelos.*
- 3. Un incremento de 419 Bancos.*

2º.- A modificación representa un 6,54% do prezo primitivo do contrato, se ben o primeiro 5 % non afectará ó prezo do mesmo, segundo o disposto no apartado 3.1. do prego de Bases Técnicas e 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares. Compensarase ó contratista por mor desta modificación cos importes reflectidos na seguinte táboa:



Concello de Vigo

| <i>Ano de aplicación</i> | <i>Período</i> | <i>Importe</i> |
|--------------------------|---|------------------|
| <i>Ano 2016</i> | <i>Do 1 de Marzo a 31 de decembro</i> | <i>5.746,90</i> |
| <i>Ano 2017</i> | <i>Do 1 de xaneiro a 31 de decembro</i> | <i>6.896,28</i> |
| <i>Ano 2018</i> | <i>Do 1 de xaneiro a 31 de decembro</i> | <i>6.896,28</i> |
| <i>Año 2019</i> | <i>Do 1 de xaneiro a 30 de Abril</i> | <i>2.298,76</i> |
| <i>Total</i> | | <i>21.838,22</i> |

No caso que a modificación se formalice con posterioridade ó 1 de marzo, reaxustarase o importe correspondente ó ano 2016 (5.746,90 €), o cal imputarase á partida 1710-227.99.02.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización”.

Devandito acordo se formaliza en data 9 de xuño de 2016.

3.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 11/11/2016 (doc nº 160152763), don Alfonso Clemente González, en nome e representación de FERROVIAL SERVICIOS SA, solicita que á vista do punto 3.J das FEC, o Concello proceda a revisión do prezo deste contrato.

4.- O xefe de servizo de Parques e Xardíns, na data 7 de setembro de 2018, elabora a Memoria económica da revisión de prezos solicitada.

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Lei 2/2015, de 30 de marzo, de dexindexación da economía española.
- RD 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a lei 2/2015, de dexindexación da economía española.
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Conforme ao previsto na disposición transitoria primeira da LCSP 9/2017 resulta aplicable o disposto na normativa contractual anterior, ao tratarse dun contrato adxudicado con anterioridade á entrada en vigor da LCSP.

Polo que se refire ao réxime xurídico aplicable á revisión do prezo deste contrato, debe sinalarse que, a normativa reguladora da materia, contida no capítulo II do Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público foi obxecto de modificación pola Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, a cal restrinxe a revisión de prezos nos contratos públicos, exclusivamente, para os contratos de obra e de subministro de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas así como aqueles contratos cuxo período de recuperación das inversións sexa igual ou superior a cinco anos (...)

A Disposición Transitoria (D.Tª) da Lei 2/2015 establece que, aqueles contratos cuxo expediente se tivera iniciado antes da entrada en vigor do real decreto ao que se refire o artigo 4 da lei, *“será o establecido nos pregos. A estes efectos, se entenderá que os expedientes de contratación foron iniciados si se houbera publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato...”*

En data 04/02/2017 se publica no BOE, o RD 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a lei 2/2015, de dexindexación da economía española, o cal entra en vigor segundo se establece na súa disposición final segunda, ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

A cláusula 31 dos pregos de cláusulas administrativas particulares dispón o seguinte:

“1.- Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ó responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

2.- O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación. “

Segundo se establece no apartado 3J da FEC, procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe.

E se aplicará o seguinte sistema de revisión:

- Se o incremento do PIB a prezos constantes no ano anterior á revisión é superior ó 1% e inferior ó 2%, o prezo do contrato incrementarase nun 0,4%.
- Se o incremento do PIB a prezos constantes no ano anterior á revisión alcanza ou supera o 2%, o prezo do contrato incrementarase nun 0,9%.



Concello de Vigo

O xefe de Servizo de Parques e Xardíns, en data 7 de setembro de 2018, informa o seguinte:

"MEMORIA ECONÓMICA DA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ÁREAS DEPORTIVAS E XIMNÁSTICAS E MOBILIARIO URBANO DO CONCELLO DE VIGO

1.- Antecedentes do Contrato

1.- EXPEDIENTE: 7524-446.

1.1.- *Obxecto do contrato: O obxecto e a contratación da prestación dos servizos de mantemento, conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo.*

1.2.- *Servizo xestor: Montes, parques e xardíns*

1.3.- *Contido económico:*

Orzamento de licitación (IVE 21% incluído): 2.007.993,36€.

Orzamento de Adxudicación (IVE 21% incluído): 1.412.609,52 €

Baixa de Adxudicación: 29,65%

Aplicación orzamentaria que financia o gasto: 1710.227.9902 Mantemento de parques infantís

1.4.- *Prazo de execución:*

O contrato terá unha duración de 4 anos dende a formalización do contrato, podéndose prorrogar a súa duración por períodos anuais ata un máximo de dous, previo acordo expreso do órgano de contratación.

1.5.- *Data de inicio do contrato: 1 de maio de 2015.*

2.- *EXPEDIENTE: 8732-446 .Ampliación do contrato de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo.*

2.1.- *Acordo da modificación:*

"1º.- Modificar o contrato de servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo. As modificacións, nos termos que constan no informe do enxeñeiro municipal de data 18 de febreiro de 2016, consistirán en:

1. Un incremento da superficie dos parques infantís obxecto do contrato de 754,18 m²

2. Un incremento da superficie das áreas biosaudables obxecto do contrato de 3054,32 m²

3. Un incremento de 419 Bancos.

2º.- A modificación representa un 6,54% do prezo primitivo do contrato, se ben o primeiro 5 % non afectará ó prezo do mesmo, segundo o disposto no apartado 3.1. do prego de Bases Técnicas e 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares. Compensarase ó contratista por mor desta modificación cos importes reflectidos na seguinte táboa:

| <i>Ano de aplicación</i> | <i>Período</i> | <i>Importe</i> |
|--------------------------|---|------------------|
| <i>Ano 2016</i> | <i>Do 1 de Marzo a 31 de decembro</i> | <i>5.746,90</i> |
| <i>Ano 2017</i> | <i>Do 1 de xaneiro a 31 de decembro</i> | <i>6.896,28</i> |
| <i>Ano 2018</i> | <i>Do 1 de xaneiro a 31 de decembro</i> | <i>6.896,28</i> |
| <i>Año 2019</i> | <i>Do 1 de xaneiro a 30 de Abril</i> | <i>2.298,76</i> |
| <i>Total</i> | | <i>21.838,22</i> |

No caso que a modificación se formalice con posterioridade ó 1 de marzo, reaxustarase o importe correspondente ó ano 2016 (5.746,90 €), o cal imputarase á partida 1710-227.99.02.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización”.

2.2.- A formalización do contrato e o nove de xuño de dous mil dezaseis.

2.- Revisión de Prezos.

2.1.- Segundo rexe no punto 3.J das FEC

Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe.

Se aplicará o seguinte sistema de revisión:

- Se o incremento do PIB a prezos constantes no ano anterior á revisión é superior ó 1% e inferior ó 2%, o prezo do contrato incrementarase nun 0,4%.
- Se o incremento do PIB a prezos constantes no ano anterior á revisión alcanza ou supera o 2%, o prezo do contrato incrementarase nun 0,9%.
-

2.2- Segundo datos do INE as taxas anuais do PIB son:

| Ano | Tasa Anual (en %) |
|------------|--------------------------|
| 2017 (PE) | 3,1 |
| 2016 (A) | 3,3 |
| 2015 (P) | 3,4 |

(A)Avance

(P)Provisional

(PE)Primeira Estimación

(EA) Estimación Avance.



Concello de Vigo

Achégase documento do INE e do Banco de España.

Dado que transcorreu máis dun ano dende o inicio da prestación e se tivo executado máis do 20% do importe de adxudicación (282.521,90€), e toda vez que existe constancia de petición por parte da empresa, Ferrovial Servicios, SA, para a revisión de prezos do contrato de servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaúdables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (doc. 160152763), procedese a calcular a revisión de prezos que en todos os períodos e superior o 2% polo que corresponde segundo as FEC un incremento do 0,9%.

2.3.- Importes facturados da prestación

Período 2015-2016

| Meses | Importe | |
|---------------|---------------------|---|
| Maio 2015 | 24.023,88 € | Inicio da prestación (1/05/2015) |
| Xuño 2015 | 24.023,88 € | |
| Xullo 2015 | 26.906,81 € | Inicio prestación biosaudables (15/07/2015) |
| Agosto 2015 | 29.429,35 € | |
| Setembro 2015 | 29.429,35 € | |
| Outubro 2015 | 29.429,35 € | |
| Novembro 2015 | 29.429,35 € | |
| Decembro 2015 | 29.429,35 € | |
| Xaneiro 2016 | 29.429,35 € | |
| Febreiro 2016 | 29.429,35 € | |
| marzo 2016 | 29.429,35 € | |
| Abril 2016 | 29.429,35 € | |
| | 339.818,72 € | |

Periodo 2016-2017

| Meses | Importe | |
|---------------|-------------|---|
| Maio 2016 | 29.429,35 € | |
| Xuño 2016 | 29.831,71 € | Ampliación de contrato 8732/446 (9/06/2016) |
| Xullo 2016 | 30.004,04 € | |
| Agosto 2016 | 30.004,04 € | |
| Setembro 2016 | 30.004,04 € | |
| Octubro 2016 | 30.004,04 € | |
| Novembro 2016 | 30.004,04 € | |
| Decembro 2016 | 30.004,04 € | |

| | | |
|---------------|---------------------|--|
| Xaneiro 2017 | 30.004,04 € | |
| Febreiro 2017 | 30.004,04 € | |
| marzo 2017 | 30.004,04 € | |
| Abril 2017 | 30.004,04 € | |
| | 359.301,46 € | |

O importe total da prestación de maio 2016 a abril de 2017 e de 359.301,46€ e a taxa anual do PIB no ano 2016 do 3,4% o que supón un incremento do contrato do 0,9% (3233,74€), en consecuencia, o importe do contrato ascende a 362.535,2€ .

Período 2017-2018

| Meses | Importe | |
|---------------|--------------------|--|
| Maio 2017 | 30.004,04€ | |
| Xuño 2017 | 30.004,04€ | |
| Xullo 2017 | 30.004,04€ | |
| Agosto 2017 | 30.004,04€ | |
| Setembro 2017 | 30.004,04€ | |
| Outubro 2017 | 30.004,04€ | |
| Novembro 2017 | 30.004,04€ | |
| Decembro 2017 | 30.004,04€ | |
| Enero 2018 | 30.004,04€ | |
| Febrero 2018 | 30.004,04€ | |
| Marzo 2018 | 30.004,04€ | |
| Abril 2018 | 30.004,04€ | |
| | 360.048,48€ | |

O importe total da prestación de maio 2017 a maio 2018 e de 360.048,48 € e a taxa anual do PIB no ano 2017 do 3,1% o que supón un incremento do contrato do 0,9%, en consecuencia, o importe do contrato revisado ascende a 366.558,56 € incrementándose en 6.510,08€ o importe devengado.

Período 2018-2019

| Meses | Importe |
|--------------|----------------|
| Maio 2018 | 30.004,04€ |
| Xuño | 30.004,04€ |
| Xullo | 30.004,04€ |
| Agosto | 30.004,04€ |

O importe mensual da prestación desde maio de 2018 foi de 30.004,04 € e a taxa anual do



Concello de Vigo

PIB no ano 2017 do 3,1% o que supón un incremento do contrato do 0,9%, en consecuencia, o importe da mensualidade abonada será 30.821,47€/mes incrementándose en 817,43€ o importe devengado.

O canon mensual para os meses restantes do período 2018-2019 ascende a 30.821,47€/mes e o importe anual para o período 2018-2019 é de 369.857,64€.

Os atrasos correspondentes a aplicación da revisión son:

| | Período 1/05/2016 ao 30/04/2017 | Período 1/05/2017 ao 30/04/2018 | Período 1/05/2018 ao 31/08/2018 | Total |
|----------------------|---------------------------------------|---------------------------------------|---------------------------------------|-------------------|
| 1ª Revisión | 3.233,74€/ano | | | 3.233,71€ |
| 2ª Revisión | 3240,48€/ano | 3269,64€/ano | | 6.510,12€ |
| 3ª Revisión | 1080,16€/ano | 1089,88€/ano | 1099,68€/ano | 3.269,72€ |
| Total Atrasos | | | | 13.013,55€ |

Os prezos unitarios de adxudicación segundo tipoloxía son:

Cadro de prezos unitarios de adxudicación

| | Prezo unitario Licitación | Baixa adxudicación | Prezo unitario Adxudicación |
|--|------------------------------|--------------------|--------------------------------|
| Parques infantís (m ²) | 8,60 € | <u>29,65%</u> | 6,05 € |
| A. biosaudable (m ²) | 8,60 € | <u>29,65%</u> | 6,05 € |
| A. deportivas ximnásticas (m ²) | 8,60 € | <u>29,65%</u> | 6,05 € |
| Bancos (Ud) | 20,90 € | <u>29,65%</u> | 14,70 € |
| Bebedeiros (Ud) | 12,00 € | <u>29,65%</u> | 8,44 € |

Os prezos unitarios revisados segundo tipoloxía e período son:

Cadro de prezos unitarios revisados

| | Prezo unitario / 2015 -2016 | Prezo unitario / 2016-2017 | Prezo unitario / 2017-2018 | Prezo unitario /ano 2018 |
|---------------------------------------|-----------------------------------|----------------------------------|----------------------------------|--------------------------------|
| Parques infantís (m ²) | 6,05 € | 6,10 € | 6,16 € | 6,21 € |
| A.biosaudable (m ²) | 6,05 € | 6,10 € | 6,16 € | 6,21 € |

| | | | | |
|--|---------|---------|---------|---------|
| A.deportivas ximnásticas (m ²) | 6,05 € | 6,10 € | 6,16 € | 6,21 € |
| Bancos (Ud) | 14,70 € | 14,83 € | 14,97 € | 15,10 € |
| Bebedeiros (Ud) | 8,44 € | 8,51 € | 8,59 € | 8,67 € |

Os importes económicos resultantes da revisión cargaranse na partida 1710.2279902 MANTENIMENTO DE PARQUES INFANTÍS E BIOSAÚDABLES, con cargo á bolsa de vinculación.”

Á vista do exposto, dado que tanto a publicación da convocatoria, como a adxudicación do contrato, se produciron con anterioridade á entrada en vigor do citado real decreto, e atendendo ao disposto na dita D.Tª, aplicarase o réxime de revisión de prezos previsto nos pregos, polo que de conformidade coa Memoria económica de data 7 de setembro de 2018, procede informar favorablemente a 1ª, 2ª e 3ª revisión de prezos do contrato de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaúdables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL, D.Adic. segunda, apdo. 8 TRLCSP), á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no artigo 127 da LRBRL e Disposición adicional segunda apdo 3 TRLCSP.

Polo anteriormente exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a 1ª Revisión do prezos do contrato de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaúdables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo, fixando o mesmo a partires do 01/05/2016 ata 30/04/2017 en **362.535,20 €/ano ive incluído.**

Segundo.- Aprobar 2ª Revisión de prezos do contrato de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaúdables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo, fixando o mesmo a partires do 01/05/2017 ata 30/04/2018 en **366.558,56 €/ano ive incluído.**

Terceiro.- Aprobar a 3ª Revisión de prezos do contrato de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaúdables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo, fixando o mesmo a partires do 01/05/2018 ata 30/04/2019 en **369.857,64 €/ano ive incluído.**

Cuarto.- Aprobar en concepto de atrasos correspondentes a 1ª, 2ª e 3ª revisión de prezos, para o período 01/05/2016 ata 31/08/2018, o importe de **13.013,55 €**, o cal se imputará á partida 1710.2279902 “Mantemento de Parques Infantís e Biosaúdables” con cargo á bolsa de vinculación, segundo cadro que se achega.



Concello de Vigo

| | Período 01/05/2016 – 30/04/2017 | Período 01/05/2017 – 30/04/2018 | Período 01/05/2018- 31/08/2018 | Total |
|---|--|--|---|-------------------|
| 1ª Rev | 3.233,74 €/ano | | | 3.233,74 € |
| 2ª Rev | 3.240,48 €/ano | 3.269,64€/ano | | 6.510,12€ |
| 3ª Rev | 1.080,16 €/ano | 1.080,16 €/ano | 1.099,68 €/ano | 3.269,72€ |
| TOTAL ATRASOS 1ª, 2ª E 3ª REV PREZOS PERÍODO 01/05/2016 – 31/08/2018 | | | | 13.013,55€ |

Quinto.- Aprobar o importe da facturación mensual a partir da aprobación do presente acordo en 30.821,47€/mes (8 meses) o cal se imputará a partida 1710.2279902 “Mantemento de Parques Infantís e Biosaúdaes” con cargo á bolsa de vinculación.

Sexto.- Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1045).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E EQUIPAMENTOS MULTIMEDIA DO AUDITORIO DE TEIS E SERVIZO TÉCNICO DE EVENTOS. EXPTE. 8057/320.

Visto o informe xurídico do 18/09/18, e o informe de fiscalización do 20/09/18, dáse conta do informe-proposta do 10/09/18, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

1) Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.

2) Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

3) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

4) Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

5) Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 16 de maio de 2018, o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, acordou iniciar o expediente de contratación do MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E DO MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO MULTIMEDIA DO AUDITORIO DE TEIS E SERVIZO TÉCNICO DE EVENTOS.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, de 15 de maio de 2018 asinado polo xefe de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
2. Orde de inicio de 16 de maio de 2018 do Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
3. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 14 de xuño de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
4. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 14 de xuño de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
5. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo xefe de Participación Cidadá e Desenvolvemento local do 3 de xullo de 2018.
6. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 3 de xullo de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.



Concello de Vigo

7. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 3 de xullo de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
8. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 3 de agosto de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
9. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 3 de agosto de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
10. Informe do servizo de contratación, asinado pola Técnica de Admon. Xeral do servizo de Contratación, de data 6 de agosto de 2018.
11. Prego de cláusulas administrativas de data 6 de agosto de 2018, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de contratación.
12. Informe proposta de aprobación de expediente do 7 de agosto de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e o o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
13. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 3 de setembro de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
14. Dilixencia de data 4 de setembro de 2018, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de contratación.
15. Dilixencia de data 7 de setembro de 2018, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de contratación.
16. Prego de cláusulas administrativas de data 7 de setembro de 2018 asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en resolución de 16 de maio de 2018, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 131 da LCSP procede empregar o procedemento aberto.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (8057/320) por procedemento aberto da “MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E DO MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO MULTIMEDIA DO AUDITORIO DE TEIS E SERVIZO TÉCNICO DE EVENTOS”.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 3 de setembro de 2018 e o prego de cláusulas administrativas de 7 de setembro de 2018 que rexirán a contratación do “MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E DO MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO MULTIMEDIA DO AUDITORIO DE TEIS E SERVIZO TÉCNICO DE EVENTOS”.

3º.- Aproba-lo gasto de 93.151,02 € (Lote 1 - 49.983,34 € e Lote 2 – 43.167,68 €), para a contratación do servizo de mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes dos centros municipais de Distrito e do auditorio do centros de distritos de Teis, con cargo ás aplicacións orzamentarias 9240 2120000 o Lote I e 9240 2279906 o Lote II, do presuposto do Concello de Vigo distribuídos do xeito seguinte:

- 15.525,17 € correspondente ao ano 2018.
 - Lote I 8.330,56 € e Lote II 7.194,61 €.
- 46.575,51 € correspondente ao ano 2019.
 - Lote I 24.991,67 € e Lote II 21.583,84 €.
- 31.050,34 € correspondente ao ano 2020.
 - Lote I 16.661,11 € e Lote II 14.389,23 €.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1046).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN UNIÓN COMARCAL DE COMISSIONS OBREIRAS (CC.OO.)", DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, E AOS GASTOS DE MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO. EXPTE. 8220/320.

Visto o informe xurídico do 04/09/18, e o informe de fiscalización do 18/09/18, dáse conta do informe-proposta do 24/09/18, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Participación Cidadá e Distritos, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 16/07/2018, D^a Amelia Pérez Álvarez, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo (CIF: G-15103112), achegou solicitude (doc. 180113623), para a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Vigo (Participación Cidadá), destinado ao financiamento dos gastos das actividades da entidade, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento realizados entre o 01/11/2017 ata o 30/09/2018, mediante unha achega económica de 15.000 €.

Segundo anexo presentado de data 25/05/2018, a persoa responsable da sinatura do convenio é D^a Amelia Pérez Álvarez (DNI: 78734833-Z).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se

encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaría e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.**

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes: 1085/320 (1999-2003), 2306/320 (2004/06), 3197/320 (2007), 3394/320 (2008), 4354/320 (2009), 4693/320 (2010), 5213/320 (2011), 5861/320 (2012), 6105/320 (2013), 6595/320 (2014), 7137/320 (2015), 7384 /320 (2016) e 7583/320 no 2017.

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, que no seu apartado 1.3º, dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.



Concello de Vigo

Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.18º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015 se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal que complemente os servizos municipais. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4800005 "Convenio CC.OO.", cunha dotación de 15.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

A beneficiaria figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co núm. 487/96, segundo Decreto de Alcaldía de data 30/06/96.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto do convenio e o fomento das actividades programados pola entidade, en concreto, as realizadas entre o 01/11/17 e o 30/09/18, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público, social e económico.

Segundo contempla o art. 1 dos Estatutos de S.N. de CC.OO de Galicia, a Unión Comarcal de CC.OO de Vigo, asume, entre os seus principios e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender das reivindicacións dos/as traballadores/as, sen discriminación
- ✓ Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como, combater a discriminación que, por razón de sexo, se produza
- ✓ Desenvolver accións positivas nas relacións laborais e condicións de traballo, así como, na consecución dunha representación equilibrada de homes e mulleres en todos os niveis

- ✓ Reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos/as os/as traballadores/as
- ✓ Defender, especialmente, as reivindicacións das mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente o do pacifismo, co fin de eliminar calquera discriminación baseada no sexo, na idade, a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas, así como, por calquera outra circunstancia persoal ou social
- ✓ Apoiar as reivindicacións específicas das persoas emigrantes e dos/as traballadores/as estranxeiros que traballan en Galicia
- ✓ Orientar a súa actividade ao exercicio efectivo do dereito dos traballadores a un emprego estable, á plena protección social, á mellora das condicións de traballo e emprego da poboación activa, á solidariedade internacional entre traballadores, á integración social e laboral, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión, á mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural, á consecución da igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, (...)

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4800005 "Convenio CC.OO.", cunha dotación de 15.000,00 €.

DOCUMENTACIÓN

A Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 05/07/18
- Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 05/07/18
- Seguridade Social, de data 11/07/18
- Concello de Vigo, de data 26/04/18

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).



Concello de Vigo

3. Declaración responsable do presidente da entidade, de data 12/07/18, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Autorización expresa para a consulta de certificacións de non ter débedas (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII).

Proxecto de actividades da entidade para o ano 2018, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, realizados entre os meses de novembro de 2017 a setembro de 2018 (ámbolos dous incluídos). O proxecto concreto de actividades e o orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS novembro 2017 – setembro 2018 | | |
|---|---|--------------------|
| Salarios | | 13.049,91 € |
| Cota Patronal | | 3.528,13 € |
| Material oficina | | 300,00 € |
| Xornadas | Dereitos da RTL na formación na empresa (15/06/18) | 620,62 € |
| | Igualdade e conciliación na negociación (06/07/18) | 620,62 € |
| | Historia e valores do Sindicalismo de CC.OO. (14/09/18) | 620,62 € |
| TOTAL | | 18.739,90 € |

8. Contrato de traballo.
9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e copia do recibo.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais
 - f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

ANTICIPO

Non se contempla a posibilidade de anticipo.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2018, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/17 e o 30/09/18, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2018**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.



Concello de Vigo

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES72 2080 5040 5330 4001 1880 (ABANCA), segundo anexo presentado de data 21/05/2018.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 35/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18 da Resolución de delegacións do Alcalde de data 19/06/15, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4800005, denominada “*Convenio CC.OO.*”, incluída no vixente orzamento municipal, a favor do sindicato *Unión Comarcal de Comisións Obreiras CC.OO de Vigo*.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a *Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo* (CIF.- G-15103112), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e realizadas pola entidade entre o 01/11/2017 e o 30/09/2018, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos que xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ambos os dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CUARTO.- AMPLIAR o prazo da xustificación, do convenio outorgado á *Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo*, regulado no pacto noveno do texto do convenio, ata o **15 de outubro de 2018**.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DE COMISSIONS OBREIRAS (CC.OO) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, ASÍ COMO, DO MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaioito

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Amelia Pérez Álvarez con DNI 78734833-Z, en calidade de Secretaria de Organización da Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo, con CIF: G-15103112 e domicilio social na Rúa As Teixugueiras, 11- entresollado, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8220/320.



Concello de Vigo

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a *Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo* unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

IV.- Que a entidade *Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo*, de conformidade coa "definición de principios" e art. 1 dos Estatutos de S.N. de CC.OO de Galicia, asume,

entre os seus principios e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender das reivindicacións dos/as traballadores/as, sen discriminación
- ✓ Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como, combater a discriminación que, por razón de sexo, se produza
- ✓ Desenvolver accións positivas nas relacións laborais e condicións de traballo, así como, na consecución dunha representación equilibrada de homes e mulleres en todos os niveis
- ✓ Reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos/as os/as traballadores/as
- ✓ Defender, especialmente, as reivindicacións das mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente o do pacifismo, co fin de eliminar calquera discriminación baseada no sexo, na idade , a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas, así como, por calquera outra circunstancia persoal ou social
- ✓ Apoiar as reivindicacións específicas das persoas emigrantes e dos/as traballadores/as estranxeiros que traballan en Galicia
- ✓ Orientar a súa actividade ao exercicio efectivo do dereito dos traballadores a un emprego estable, á plena protección social, á mellora das condicións de traballo e emprego da poboación activa, á solidariedade internacional entre traballadores, á integración social e laboral, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión, á mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural, á consecución da igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, (...)

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 30/09/96, a *Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo* atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 487/96.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo* leve a cabo os seus proxectos planificados entre o 01/11/2017 ata o 30/09/2018, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos xerados polas súas actividades, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- As actividades programadas pola *Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo* entre o 01/11/2017 ata o 30/09/2018, que fundamentan a concesión da subvención son, con carácter xeral, segundo proxecto e orzamento incorporado ao expediente:

| ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS novembro 2017 – setembro 2018 | | |
|---|---|-------------|
| Salarios | | 13.049,91 € |
| Cota Patronal | | 3.528,13 € |
| Material oficina | | 300,00 € |
| Xornadas | Dereitos da RTL na formación na empresa (15/06/18) | 620,62 € |
| | Igualdade e conciliación na negociación (06/07/18) | 620,62 € |
| | Historia e valores do Sindicalismo de CC.OO. (14/09/18) | 620,62 € |



Concello de Vigo

| | | |
|--|--------------|--------------------|
| | TOTAL | 18.739,90 € |
|--|--------------|--------------------|

VIII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2018), a partida orzamentaria nº 9240.4800005, denominada “*Convenio Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo*” nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 15.000,00 €.

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

X.- Que a entidade *Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo* non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social e económico que, para a cidade de Vigo, representan as actividades que desenvolve a entidade *Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo*, o Concello de Vigo e a devandita entidade conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade *Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo* comprométese a colaborar coa concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

6. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio.

8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

9. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo* unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800005, denominada "*Convenio Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo*", do vixente orzamento municipal (2018), co obxecto de colaborar ao financiamento dos gastos xerados polas actividades da entidade entre o 01/11/2017 e o 30/09/2018, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

2. Respetar a estrutura organizativa da *Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo*.

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola



Concello de Vigo

“Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Cuarto.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concurrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sétimo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, con carácter permanente durante a vixencia do convenio, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades do sindicato entre o 01/11/2017 ao 30/09/2018.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2018**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por

internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do



Concello de Vigo

emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias simples de facturas**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos **documentos xustificativos** relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
 - Contrato de traballo
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Nóminas correspondente aos meses imputados.
 - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
 - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF

- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente co código IBAN ES72 2080 5040 5330 4001 1880 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro.



Concello de Vigo

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/11/17 e o 30/09/18.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo

da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que

se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2018, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2018.

11(1047).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE VECINOS NOVO VIGO", PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE A COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER E MANTENIMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL ENTRE O 1/11/2017 ATA O 30/09/2018. EXPTE. 8176/320.

Visto o informe xurídico do 04/09/18, e o informe de fiscalización do 18/09/18, dáse conta do informe-proposta do 24/09/18, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado Participación Cidadá e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 10/07/2018 D^a Ana M^a Martínez Barreiro, en calidade de presidenta da entidade *Asociación de Vecinos Novo Vigo* (CIF: G27771195), achegou escrito solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o fomento das súas actividades, para axudar ao financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B (Vigo), entre o 01/11/2017 ata o 30/09/2018, cuxa contía ascende a 4.938,50 €.

Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Ana M^a Martínez Barreiro, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións de forma que se faga



Concello de Vigo

efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conteno financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a **continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores**.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

- Ano 2017: Expte. 7601/320
- Ano 2016: Expte. 7406/320
- Ano 2015: Expte. 6989/320
- Ano 2014: Expte. 6713/320

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexeranse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4890004 “Asociación de Vecinos Novo Vigo”, cunha dotación de 4.938,50 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Asociación de Veciños Novo Vigo”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 1163/12, segundo resolución do concelleiro delegado de Participación Cidadá de data 08/06/2012.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto do convenio e o fomento das actividades programadas pola entidade, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social dende o 01/11/2017 ata o 30/09/2018, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, actividades que se consideran de interese público e social.

Segundo recolle o art. 2 dos Estatutos da Asociación de Vecinos Novo Vigo, entre os seus fins e obxectivos, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:



Concello de Vigo

- ✓ Defensa dos intereses xerais dos veciños, en calidade de usuarios e destinatarios finais da actividade urbanística, cultural, deportiva, educativa, sanitaria, de vivenda social, económica, de consumo, de participación en asunto de interese xeral da cidade, etc, fomentando as medidas participativas máis adecuadas.
- ✓ Informar e apoiar aos veciños en todas as cuestións que afecten aos seus intereses xerais.
- ✓ Asumir a representación dos veciños do ámbito territorial, adaptando as resolucións e levando a termo as actuacións que, pola súa importancia ou interese, lles afecten individual o colectivamente, ou aos intereses xerais da cidade.
- ✓ Fomentar o asociacionismo entre os veciños do ámbito territorial como instrumento de participación e defensa dos intereses xerais dos veciños.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación de Vecinos Novo Vigo nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflicten as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal, a partida presupostaria nominativa nº 9240 4890004, denominada “Asociación de Vecinos Novo Vigo”, cunha dotación orzamentaria de 4.938,50 €.

DOCUMENTACIÓN

A Asociación de Vecinos Novo Vigo, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 11/07/2018
- Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 11/07/2018
- Seguridade Social, de data 11/07/2018
- Concello de Vigo, de data 26/04/18

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).

3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro (anexo III)
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Autorización expresa para a consulta de certificacións de non ter débedas (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII).
8. Proxecto de actividades da entidade para o ano 2018, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social, realizados entre os meses de novembro de 2017 a setembro de 2018 (ámbolos dous incluídos). O orzamento de gastos de aluguer e mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (novembro 2017 - setembro 2018) | |
|--|-------------------|
| Aluguer local social | 4.656,30 € |
| Taxa lixo | 173,90 € |
| Subministro telefónico e ADSL | 109,38 € |
| TOTAL | 4.939,58 € |

9. Contrato de aluguer do local social.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais
 - f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

ANTICIPO

Non se contempla a posibilidade de anticipo.



Concello de Vigo

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2018, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/17 e o 30/09/18, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2018**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme ao artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES03 2080 5571 16 3040003517 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 10/07/2018.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18 da Resolución de delegacións do Alcalde de data 19/06/15, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 4.938,50 € (catro mil noventa e oito euros con cincuenta céntimos), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890004, denominada “Asociación Vecinos Novo Vigo”, incluída no vixente orzamento municipal de 2018, a favor da entidade Asociación de Vecinos Novo Vigo.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Vecinos Novo Vigo (CIF.- G-27771195), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade, mediante a colaboración do Concello no financiamento



Concello de Vigo

dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B (Vigo) , entre os meses de novembro de 2017 a setembro de 2018, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 4.938,50 € (catro mil novecentos trinta e oito euros con cincuenta céntimos).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CUARTO.- AMPLIAR o prazo da xustificación, do convenio outorgado á Asociación de Vecinos Novo Vigo, regulado no pacto oitavo do texto do convenio, ata o **15 de outubro de 2018**.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE VECINOS NOVO VIGO" PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE A COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL SITUADO NA RÚA AS TEIXUGUEIRAS, Nº 11- PORTAL 6- OFICINA 9B, ENTRE O 1/11/2017 ATA O 30/09/2018

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaoto

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Ana María Martínez Barreiro, con DNI 36115648J, en calidade de Presidenta da *Asociación de Vecinos Novo Vigo* (CIF: G27771195), con domicilio fiscal na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B (Vigo), en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 8176/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración

Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito

territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas, etc. influen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioculturais que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento do asociacionismo e da participación cidadá, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a atender as necesidades sociais, comunitarias e culturais dos veciños, sendo a "Asociación de Vecinos Novo Vigo" unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, a entidade "Asociación de Vecinos Novo Vigo", entre os seus fins e obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, ten os seguintes:

- ✓ Defensa dos intereses xerais dos veciños, en calidade de usuarios e destinatarios finais da actividade urbanística, cultural, deportiva, educativa, sanitaria, de vivenda social, económica, de consumo, de participación en asunto de interese xeral da cidade, etc, fomentando as medidas participativas máis adecuadas.
- ✓ Informar e apoiar aos veciños en todas as cuestións que afecten aos seus intereses xerais.
- ✓ Asumir a representación dos veciños do ámbito territorial, adaptando as resolucións e levando a termo as actuacións que, pola súa importancia ou interese, lles afecten individual o colectivamente, ou aos intereses xerais da cidade.
- ✓ Fomentar o asociacionismo entre os veciños do ámbito territorial como instrumento de participación e defensa dos intereses xerais dos veciños.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo resolución do concelleiro delegado da Área, de



Concello de Vigo

data 08/06/12, a “Asociación de Vecinos Novo Vigo” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1163/12 no epígrafe 10.1.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade “Asociación de Vecinos Novo Vigo” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, veciñais e culturais, planificadas, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin

social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de novembro de 2017 ata setembro de 2018, así como, os outros gastos de mantemento, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.

VI.- - Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4890004, denominada “Convenio Asociación de Veciños Novo Vigo” a favor da entidade, cunha asignación presupostaria de 4.938,50 €.

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Vecinos Novo Vigo, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de novembro do 2017 a setembro de 2018, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Nadal en Navia
- Entroido en Navia
- Tarde en compañía “Festa da reciclaxe...”
- Celebración do mes das flores
- Plis Plas Festival
- Concerto de cuncas tibetanas
- Día do sobrevivinte de cancro
- Noite de San Xoan
- Vicus Spacorum
- VI Navia Parque D’Arte
- Confraternidades Veciñais
- Nadal en Navia
- Escola de Empoderamento
- Exposicións pictóricas
- Obradoiros varios
- Charlas varias

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación,

necesarios para organizar e levar a cabo as actividades programadas pola entidade para o ano 2018, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos, e o que se reflicte a seguir:

| ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (novembro 2017 - setembro 2018) | |
|--|-------------------|
| Aluguer local social | 4.656,30 € |
| Taxa lixo | 173,90 € |
| Subministro telefónico e ADSL | 109,38 € |
| TOTAL | 4.939,58 € |

IX.- Que a entidade “*Asociación de Vecinos Novo Vigo*” non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, cultural, formativo, informativo, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “*Asociación de Vecinos Novo Vigo*”, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, cultural, formativo, informativo e artístico, co obxecto de contribuír ao fomento do asociacionismo e da participación cidadá, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “*Asociación de Vecinos Novo Vigo*” comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.



Concello de Vigo

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación de Vecinos Novo Vigo*” unha subvención por importe de 4.938,50 € (catro mil novecentos trinta e oito euros con cincuenta céntimos), con cargo a aplicación orzamentaria nominativa nº 9240.4890004, denominada “*Asociación Veciños Novo Vigo*”, do vixente orzamento municipal (2018), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de novembro de 2017 a setembro de 2018, necesario para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación de Vecinos Novo Vigo*”.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se

coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 01/11/2017 ata o 30/09/2018.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “Asociación de Vecinos Novo Vigo”, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2018**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta**



Concello de Vigo

xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadírase ao anterior, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do financiamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias simples de facturas**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, chegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...

- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplifadamente ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. No seu caso, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.



Concello de Vigo

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES03 2080 5571 16 3040003517 (Abanca).

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/11/17 e o 30/09/18.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de

Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2018, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2018

12(1048).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE ENTRE O 1/11/2017 ATA O 30/09/2018. EXPTE. 8168/320.

Visto o informe xurídico do 24/08/18, e o informe de fiscalización do 14/09/18, dáse conta do informe-proposta do 24/09/18, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Participación Cidadá, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 29/05/2018, Dona María Jesús Domínguez Alonso, en calidade de presidenta da “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” (CIF: G-36972024), achegou escrito (doc.180109080), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade entre o 1 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

Segundo anexo presentado de data 09/07/2018, e conforme o art. 12 dos seus Estatutos, será a presidenta, Dona María Jesús Domínguez Alonso, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.**

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxugar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenio subscrito coa mesma entidade en anos precedentes:

1. Ano 2017: Expte. 7604/320

2. Ano 2016: Expte. 7352/320
3. Ano 2015: Expte. 7000/320
4. Ano 2014: Expte. 6589/320
5. Ano 2013: Expte. 6098/320
6. Ano 2012: Expte. 5575/320
7. Ano 2011: Expte. 5211/320

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspondéndolle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como á resolución dos procedementos incoados”. Por último, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas



Concello de Vigo

nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4890010 “Convenio Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, cunha dotación de 12.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 1079/09, segundo resolución de data 03/09/09.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola entidade entre o 1 de novembro de 2017 e o 30 de setembro de 2018, en definitiva para o fomento das súas actividades.

Segundo recolle o art. 5 dos Estatutos da “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, entre os fins da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- *“defensa dos intereses dos veciños*
- *organización de actividades socioculturais*
- *mellora dos servizos*
- *mellora da calidade de vida da zona”.*

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4890010 “Convenio Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, cunha dotación orzamentaria de 12.000,00 €.

DOCUMENTACIÓN

A "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 06/07/18.
- Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 19/06/2018.
- Seguridade Social, de data 06/07/2018.
- Concello de Vigo, de data 26/04/2018.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal que ostenta na actualidade a representación legal da entidade (anexo II).
3. Declaración responsable de cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social e de non estar incurso en incompatibilidades ou prohibicións (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Autorización expresa para consulta de certificación de non ter débedas (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) para cuxo desenvolvemento o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social, relaizados entre o 1 de novembro de 2017 ao 30 de setembro de 2018. O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| ORZAMENTO GASTOS DE ALUGUEIRO (01/11/2017 - 30/09/2018) | |
|--|-------------------|
| Alugueiro local social | 4.039,20 € |
| Servizo de recollida de lixo | 85,00 € |
| Servizo de abastecemento de auga | 285,00 € |
| Servizo de telefonía e acceso a internet | 560,00 € |
| Servizo de luz | 430,00 € |
| Productos limpeza | 115,00 € |
| Material de oficina e reprografía | 1.200,00 € |
| TOTAL | 6.714,20 € |



Concello de Vigo

8. Contrato de aluguer do local social.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

ANTICIPO

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio despreza a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2018, son gastos subvencionables aqueles que se realicen

entre o 01/11/17 e o 30/09/18, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2018**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 16 da Lei 39/15, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme ao artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES59 2080 0572 523040001308 (ABANCA), segundo anexo VII presentado.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común e Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 6.714,20 € (seis mil setecentos catorce con vinte euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890010 denominada "*Convenio Asociación veciños Curva de San Gregorio*", incluída no vixente orzamento municipal de 2018.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" (CIF.- G-36972024), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre o 1 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 6.714,20 € (seis mil setecentos catorce euros con vinte euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción

da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dítar e notificar resolución.

CUARTO.- AMPLIAR o prazo da xustificación, do convenio outorgado á Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio, regulado no pacto noveno do texto do convenio, ata o 15 de outubro de 2018.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaoto

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, Dona María Jesús Domínguez Alonso, con DNI 36027588C, en calidade de Presidenta da "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" (CIF : G-36972024), con domicilio social na Rúa Tomás Alonso, nº 185 - 6º G, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 8168/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.



Concello de Vigo

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades

reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que a entidade "*Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*", de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- defensa dos intereses dos veciños
- organización de actividades socioculturais
- mellora dos servizos
- mellora da calidade de vida da zona

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a "*Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1079/09.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a "*Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*" leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas, en particular, as realizadas entre o 1 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890010, denominada "*Convenio Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 12.000,00 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para organizar e levar a cabo as actividades

programadas pola entidade entre o 1 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos, e o que se reflicte a seguir:

| ORZAMENTO GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/11/2017 - 30/09/2018) | |
|---|-------------------|
| Alugueiro local social | 4.039,20 € |
| Servizo de recollida de lixo | 85,00 € |
| Servizo de abastecemento de auga | 285,00 € |
| Servizo de telefonía e acceso a internet | 560,00 € |
| Servizo de luz | 430,00 € |
| Productos limpeza | 115,00 € |
| Material de oficina e reprografía | 1.200,00 € |
| TOTAL | 6.714,20 € |

VII.- Que a entidade “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” comprométese a colaborar coa concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.



Concello de Vigo

6. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

7. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*” unha subvención por importe de 6.714,20 € (seis mil setecentos catorce con vinte euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890010, denominada “*Convenio Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola entidade entre o 1 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018, en definitiva, para o seu fomento.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio* ” e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se

procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a cesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2018**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o



Concello de Vigo

emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias simples de facturas**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento



Concello de Vigo

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen viventes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustificuen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES59 2080 0572 52 3040001308 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/11/17 e o 30/09/18.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2018, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2018.

13(1049).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "UNIÓN COMARCAL DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) DE VIGO", PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, E DE MANTENIMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, REALIZADOS ENTRE O 1/11/17 ATA O 30/09/18. EXPTE.8167/320.

Visto o informe xurídico do 24/08/18, e o informe de fiscalización do 18/09/18, dáse conta do informe-proposta do 24/09/18, asinado polo xefe de Servizo Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Participación Cidadá e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 29/06/2018, D. Alberto Gonçalves Herrero, en calidade de secretario comarcal da Unión Comarcal da CIG de Vigo (CIF.- G-36706927), e actuando na súa representación, achegou solicitude para a tramitación dun convenio de colaboración entre a referida entidade e a Concellería de Participación Cidadá, para o fomento das súas actividades, que se concretará na axuda ao seu financiamento así como, dos gastos de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento, realizados entre o 1 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018.

Segundo consta no anexo presentado polo Secretario de Organización da Unión Comarcal de Vigo de data 12 de xullo de 2018, a persoa responsable, en representación da central sindical para a sinatura do convenio é D. Alberto Gonçalves Herrero.

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada,

polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores**. Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha

nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxudar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

- Ano 2017: expte. 7608/320
- Ano 2016: expte. 7404/320
- Ano 2015: expte. 7140/320
- Ano 2014: expte. 6726/320
- Ano 2013: expte. 6306/320
- Ano 2012: expte. 5792/320
- Ano 2011: expte. 5213/320
- Ano 2010: expte. 4693/320
- Ano 2009: expte. 4354/320
- Ano 2008: expte. 3394/320
- Ano 2007: expte. 3197/320
- Ano 2004/2006: expte. 2306/320
- Ano 1999/2003: expte. 1085/320

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

A concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerose polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal prorrogado e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En cumprimento do disposto nos art. 65.3 da LXS e 26.2 a) da LSG e das Bases de execución do presuposto, apartado 38ª.4.2 das BEP, o texto do convenio que se achega para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:



Concello de Vigo

- determinación do obxecto da subvención
- réxime xurídico aplicable
- beneficiarios e modalidade de axuda
- crédito orzamentario
- compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas
- prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago

Polo que se refire aos órganos competentes para a concesión das axudas, si ben, tanto a Lei 38/2003 como a Lei 9/2007, nos seus respectivos artigos 3, contemplan no seu ámbito obxectivo de aplicación, ás entidades locais, ao mesmo tempo, remiten a regulación dos concretos órganos competentes para a concesión das subvencións, no ámbito local, á normativa específica integrada pola lexislación de réxime local (artigos 7.4 da Lei 38/03 e 10.4 da Lei 9/07).

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local,

en virtude de resolución de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, que no seu apartado 1.3º, dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.

Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.18º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015 se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal que complemente os servizos municipais. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

O artigo 22.2.c) da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en adiante), contempla a concesión directa daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario. Coa formalización deste convenio, trátase de fomentar accións e políticas en defensa do dereito fundamental ao traballo, así como dos dereitos e intereses da clase traballadora en xeral, e de colectivos minoritarios ou marxinados, en particular, no marco do Estado Social e Democrático de Dereito, políticas de promoción e integración laboral e social, así como, aquelas outras orientadas ao pleno

emprego e a unha distribución xeral e persoal equitativa, que garanta o progreso social e económico.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4800006 “Convenio Confederación Intersindical Galega CIG”, cunha dotación de 15.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

A beneficiaria figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co núm. 487/96, segundo Decreto de Alcaldía de data 30/06/96.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto do convenio e o fomento das actividades programados pola entidade, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados polas mesmas, realizados entre o 1 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público, social e económico.

A Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, de conformidade co art. 6

dos Estatutos da CIG, basea a súa actuación nos obxectivos fixados no seu Programa, entre os que se encontran, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ A mellora progresiva e xeral, individual e colectiva dos intereses dos/as traballadores/as, da propia organización e do conxunto da sociedade galega, das condicións laborais e da calidade de vida
- ✓ A pronunciación democrática e social constante co fin de achegarse a unha nova sociedade máis xusta e máis humana
- ✓ O pleno exercicio de todos os dereitos humanos, individuais e sociais, sen discriminacións
- ✓ Promover o máximo respecto á dignidade humana, a paz, a democracia, a xustiza social e a igualdade, así como, a aplicación da Declaración Universal de Dereitos Humanos, a través da acción colectiva dos/as traballadores/as
- ✓ A loita contra toda forma de racismo, xenofobia ou prexuízo e discriminación na sociedade en razón de xénero, estado civil, enfermidade, idade, lingua, relixión, opinión política, opción sexual, posición social ou económica, orixe étnica ou cultural
- ✓ Impulsar a participación sociopolítica e a inserción laboral e profesional das mulleres e da mocidade na sociedade, asegurando a igualdade de oportunidades e a ausencia de discriminacións
- ✓ Pular pola plena integración sociolaboral das persoas con discapacidades
- ✓ Promover as estruturas e accións necesarias para a plena integración na sociedade dos grupos máis desfavorecidos, co obxecto de eliminar as bolsas de extrema pobreza e marxinalidade



Concello de Vigo

- ✓ Desenvolver políticas sobre a situación migratoria (...)

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4800006 "Convenio Confederación Intersindical Galega - CIG", cunha dotación de 15.000,00 €.

DOCUMENTACIÓN

A *Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo*, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 06/07/18
- Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 19/06/18

- Seguridade Social, de data 06/07/18
- Concello de Vigo, de data 26/04/18

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de data 12/07/18, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Autorización expresa para a consulta de certificacións de non ter débedas (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII).

Proxecto de actividades da entidade para o ano 2018, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, realizados entre os meses de novembro de 2017 a setembro de 2018 (ámbolos dous incluídos). O proxecto concreto de actividades e o orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| ORZAMENTO GASTOS 2018 (NOVEMBRO 2017 – SETEMBRO 2018) | |
|--|--------------------|
| Custes de persoal (salario e custes sociais) | 11.570,63 € |
| Subministro eléctrico do local | 4.000,00 € |
| Mantemento do local (limpeza) | 4.000,00 € |
| Material funxíbel e publicitario | 200,00 € |
| TOTAL | 19.770,63 € |

8. Contrato de traballo.

9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e copia do recibo.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización

- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

ANTICIPO

Non se contempla a posibilidade de anticipo.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2018, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/17 e o 30/09/18, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.



Concello de Vigo

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2018**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES16 2080 5127 613040000192 (ABANCA), segundo anexo presentado de data 12/07/2018.

De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da mesma, tal como dispón o art. 31.5 da LSG e Base 38ª.8 das BEP.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida nominativa presupostaria nº 9240.4800006, denominada "*Convenio Confederación Intersindical Galega - CIG*", incluída no vixente orzamento municipal de 2018.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a *Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo* (CIF.- G-36706927), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre os meses de novembro de 2017 e setembro de 2018, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei



Concello de Vigo

29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CUARTO.- AMPLIAR o prazo da xustificación, do convenio outorgado á Confederación Intersindical Galega – CIG de Vigo, regulado no pacto noveno do texto do convenio, ata o **15 de outubro de 2018**.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, ASÍ COMO, DE MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, REALIZADOS ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2017 ATA 30 DE SETEMBRO 2018

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaioito

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Alberto Gonçalves Herrero, con DNI 36050811-J, en calidade de Secretario Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, con CIF: G-36706927 e domicilio social na Rúa Gregorio Espino, 47- entresollado, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 8167/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio do asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a *Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo* unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

IV.- Que a entidade *Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo*, de conformidade co art. 6 dos Estatutos da CIG, basea a súa actuación nos obxectivos fixados no seu Programa, entre os que se encontran, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ A profundización democrática e social constante co fin de achegarse a unha nova sociedade máis xusta e máis humana, sen explotación económica nin opresión política, calquera que sexa a forma na que estas se manifesten.
- ✓ O pleno exercicio de todos os dereitos humanos, individuais e sociais, sen discriminacións.
- ✓ Impulsar a participación sociopolítica e a inserción laboral e profesional das mulleres e da mocidade na sociedade.
- ✓ Promocionar iniciativas, estudos, programas e proxectos de carácter social, laboral, tecnolóxico, educativo e formativo, dirixidos a impulsar a integración social e laboral do conxunto dos traballadores e traballadoras.

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 03/10/96, a *Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo* atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 489/96.



Concello de Vigo

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo* leve a cabo os seus proxectos, en particular, as realizadas entre o 1 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018 segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos xerados polas súas actividades, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- As actividades programadas pola *Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo*, que fundamentan a concesión da subvención son, con carácter xeral, segundo proxecto e orzamento incorporado ao expediente:

| ORZAMENTO GASTOS 2018 (NOVEMBRO 2017 – SETEMBRO 2018) | |
|--|--------------------|
| Custes de persoal (salario e custes sociais) | 11.570,63 € |
| Subministro eléctrico do local | 4.000,00 € |
| Mantemento do local (limpeza) | 4.000,00 € |
| Material funxíbel e publicitario | 200,00 € |
| TOTAL | 19.770,63 € |

VIII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.480006, denominada “*Convenio Confederación Intersindical Galega - CIG*”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 15.000 €.

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade entre o 01/11/17 ao 30/09/18, mediante a colaboración no financiamento dos

gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

X.- Que a entidade *Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo* non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social e económico que, para a cidade de Vigo, representan as actividades que desenvolve a entidade *Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A entidade *Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo* comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.
6. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, a balance económico anual.
8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
9. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo* unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria nº 9240.4800006, denominada "*Convenio Confederación Intersindical*



Concello de Vigo

Galega - CIG”, do vixente orzamento municipal (2018), co obxecto de colaborar ao financiamento dos gastos xerados polas actividades da entidade comprendidas entre o 01/11/17 e o 30/09/18, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

2. Respetar a estrutura organizativa da *Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo*.

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención e, no seu caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola “*Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo*” no desenvolvemento das actividades sunvenionadas.

Cuarto.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se

coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sétimo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, con carácter permanente durante a vixencia do convenio, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades do sindicato dende o 01/11/2017 ata o 30/09/2018.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2018**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.



Concello de Vigo

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias simples de facturas**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos **documentos xustificativos** relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
 - Contrato de traballo
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Nóminas correspondente aos meses imputados.
 - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
 - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarse fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.



Concello de Vigo

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa. Así mesmo, no taboleiro de anuncios

da entidade, estará visible, durante a vixencia do convenio, cartel indicativo de que o Concello de Vigo colaborou no fomento das actividades da entidade levadas a cabo no entre o 1/11/2017 ata o 30/09/2018.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES16 2080 5127 613040000192 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen, no período comprendido entre o 01/11/17 e o 30/09/18.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto .- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2018, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2018.



Concello de Vigo

14(1050).- PROXECTO DE CONVENIO COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA (FEAFES) PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E DE ALUGUER DO LOCAL SOCIAL ENTRE OS MESES DE NOVEMBRO DE 2017 A SETEMBRO DE 2018. EXPTE. 8165/320.

Visto o informe xurídico do 23/08/18, e o informe de fiscalización do 18/09/18, dáse conta do informe-proposta do 24/09/18, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Participación Cidadá, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 04/06/18, D. Xosé Ramón Girón García, en calidade de Presidente de FEAFES Galicia (CIF: G15545353), achegou escrito solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o fomento das súas actividades, que se concretará na axuda ao financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do seu local social entre os meses de novembro de 2017 a setembro de 2018, necesarios para o desenvolvemento daquelas.

Segundo acta correspondente a reunión da Asamblea Xeral de FEAFES GALICIA, de data 26/04/18, será, Don Leopoldo Robla Álvarez, a persoa responsable con poder suficiente para asinar o convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais – FEAFES.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se

encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.**

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

1. Ano 2017: Expte. Núm. 7598/320
2. Ano 2016: Expte. Núm. 7382/320
3. Ano 2014: Expte. Núm. 6711/320
4. Ano 2013: Expte. Núm. 6248/320
5. Ano 2012: Expte. Núm. 5814/320

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexeranse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a "aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais



Concello de Vigo

destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como á resolución dos procedementos incoados”. Por último, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4800007 “Convenio Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia - FEAFES”, cunha dotación de 4.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Consultado os arquivos da Oficina de Participación Cidadá, consta que a beneficiaria da subvención, a Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES), está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 479/96, segundo Decreto de Alcaldía de data 29/07/96.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social situado na Rúa Serafín Avendaño, 18 - interior, Oficinas 10-11, entre os meses de novembro de 2017 a setembro de 2018, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.

Segundo recolle o art. 6 dos Estatutos da Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES), entre os fins , de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- ✓ Defender os intereses e intervir na resolución dos problemas deste colectivos.

- ✓ Esixir a adecuada atencións sanitaria e social das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.
- ✓ Promover a sensibilización e mentalización social cara este colectivo, chamando a atención sobre a marxinación e discriminación que existe nos aspectos sanitarios, sociais e laborais, reforzando o principio de solidariedade entre as asociacións e a sociedade.
- ✓ Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos, mediante a súa participación nos órganos planificadores e lexisladores en materia de saúde mental e servizos sociais, recabando do poderes públicos e doutras entidades leis e programas que favorezan os intereses do colectivo.
- ✓ Unificar e coordinar accións para a creación dunha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.
- ✓ Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutivos á familia.
- ✓ Proporcionar información constante e eficaz co fin de agrupar e crear un foro común de todo o colectivo.
- ✓ Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.
- ✓ Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais e a prevención das mesmas.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno Xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4800007 “Convenio Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES), cunha dotación de 4.000,00 €.

DOCUMENTACIÓN

A Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES), seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:



Concello de Vigo

- Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 06/07/2018
- Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 19/06/2018
- Seguridade Social, de data 06/07/2018
- Concello de Vigo, de data 26/04/18

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud expressa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Autorización expresa para a consulta de certificacións de non ter débedas (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII).

Proxecto de actividades da entidade para o ano 2018, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social, realizados entre os meses de novembro de 2017 a setembro de 2018 (ámbolos dous incluídos). O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUER (01/11/17 - 30/09/18) | |
|---|-------------------|
| Aluguer local | 4.123,35 € |
| TOTAL | 4.123,35 € |

8. Contrato de aluguer do local social.
9. Acta nomeamento representante para a sinatura do convenio e copia do DNI.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais

f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

ANTICIPO

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2018, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/17 e o 30/09/18, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2018**.



Concello de Vigo

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES47 2080 03 4833 3040010551 (ABANCA), segundo anexo VI de data 04/06/2018 presentado por FEADES.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4800007, denominada “Convenio Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES), incluída no vixente orzamento municipal.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) (CIF.-G-15545353), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social, entre os meses de novembro de 2017 a setembro de 2018, situado na Rúa Serafín Avendaño, 18 -interior, Oficinas 10-11, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 4.000 € (catro mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar resolución.



Concello de Vigo

CUARTO.- ampliar o prazo da xustificación, do convenio outorgado á Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES), regulado no pacto noveno do texto do convenio, ata o **15 de outubro de 2018**.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES DE ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA (FEAFES) PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E DE ALUGUER DO LOCAL SOCIAL ENTRE OS MESES DE NOVEMBRO DE 2017 A SETEMBRO DE 2018, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaoto

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Leopoldo Robla Álvarez, con DNI 07939610X, en calidade de vogal da *Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)* (CIF: G15545353), con domicilio fiscal en Rúa Belgrado, núm. 1 de Santiago de Compostela (A Coruña) e delegación en Vigo, na Rúa Serafín Avendaño, 18 - interior, Oficinas 10-11 (Vigo), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8165/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial

como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas,, etc. inflúen entre a

poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociosanitario que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de defensa do colectivo de persoas con problemas de saúde mental, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas á defensa e atención sanitaria e social destas persoas e dos seus familiares, sendo a Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade "*Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)*", ten, en xeral, como finalidade, a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e a dos seus familiares, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender os intereses e intervir na resolución dos problemas deste colectivo.
- ✓ Esixir a adecuada atencións sanitaria e social das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.
- ✓ Promover a sensibilización e mentalización social cara este colectivo, chamando a atención sobre a marxinação e discriminación que existe nos aspectos sanitarios, sociais e laborais, reforzando o principio de solidariedade entre as asociacións e a sociedade.
- ✓ Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos, mediante a súa participación nos órganos planificadores e lexisladores en materia de saúde mental e servizos sociais, recabando do poderes públicos e doutras entidades leis e programas que favorezan os intereses do colectivo.
- ✓ Unificar e coordinar accións para a creación dunha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.
- ✓ Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutivos á familia.
- ✓ Proporcionar información constante e eficaz co fin de agrupar e crear un foro común de todo o colectivo.
- ✓ Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.
- ✓ Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais e a prevención das mesmas.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a *Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)* atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 479/96 no epígrafe 1.2.



Concello de Vigo

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade *Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)* leve a cabo os proxectos e actividades sociosanitarias planificadas, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de novembro de 2017 ata setembro de 2018, situado na Rúa Serafín Avendaño, 18 - interior, Oficinas 10-11, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2018), a partida orzamentaria nº 9240.4800007, denominada "*Convenio Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais – FEAFES*" nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 4.000,00 €.

VII.- As actividades programadas pola Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) para o 2018, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social entre novembro de 2017 ata setembro de 2018, situado na Rúa Serafín Avendaño, 18 - interior, Oficinas 10-11, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

| ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUER (01/11/17 - 30/09/18) | |
|---|-------------------|
| Aluguer local | 4.123,35 € |
| TOTAL | 4.123,35 € |

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da federación, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social entre novembro de 2017 ata setembro de 2018, situado na Rúa Serafín Avendaño, 18 - interior, Oficinas 10-11, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados para este ano, cuxa contía por este concepto no período subvencionado, segundo orzamento de gastos achegado, **é de 4.000 € (catro mil euros)**.

IX.- Que a entidade *Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)* non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, sanitario, cultural, formativo, informativo, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)*, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociosanitario, asistencial, formativo, informativo e reivindicativo, dirixidas a adopción de medidas

que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e a dos seus familiares, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade *Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)* comprométese a colaborar coa concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.

2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)* unha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800007, denominada “*Convenio Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia - FEAFES*”, do vixente orzamento municipal (2018), co

obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de novembro de 2017 ata setembro de 2018, situado na Rúa Serafín Avendaño, 18 -interior, Oficinas 10-11, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para este ano, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da *Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)*.



Concello de Vigo

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrancia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do

presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula oitava deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa *Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)*.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende novembro de 2017 ata setembro de 2018.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)*, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2018**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.



Concello de Vigo

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, a identificación dos participantes e do monitor/a.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias simples de facturas**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento

- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.



Concello de Vigo

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES47 2080 03 4833 3040010551 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen, no período comprendido entre o 01/11/17 e o 30/09/18.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2018, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2018.



Concello de Vigo

15(1051).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1, SEN INCREMENTO ECONÓMICO, DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DA EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO “VILLA SOLITA” (ALCABRE). EXPTE. 8846/307.

Dáse conta do informe-proposta do 24/09/18, asinado pola xefa de Unidade Patrimonio Histórico, e a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e pola concelleira-delegada de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 23 de novembro de 2017, acordou “aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para o financiamento das obras de recuperación e posta en valor das ruínas de Villa Solita”.

Con data 14/12/2017, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DA EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO “VILLA SOLITA” (ALCABRE).

O obxectivo de dito proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto Víctor Hermo Sánchez en decembro de 2016, consiste en *convertir a ruína nun lugar visitable e accesible, poñendo en valor a ruína en sí e dotándoa de accesibilidade e e adecuación para uso como espazo público visitable e salón urbano.*

As necesidades-obxectivos concretos serían as seguintes:

- solucionar o impacto negativo da ruína sobre os espazos públicos e privados inmediatos
- protexer á construción fronte ás filtracións de auga, desmontaxe parcial das solucións construtivas e degradacións dos materiais
- asegurar a estrutura en deterioro para evitar riscos e permitir o acceso seguro de visitantes
- dotar de accesibilidade á ruína e ó contorno
- contextualizar a edificación mediante a incorporación de elementos informativos de baixo impacto sobre a ruína
- incorporar instalacións e servizos mínimos para adecuar a ruína a usos públicos de baixo impacto como lugar de encontro de interese

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 30 de decembro de 2014, acordou adxudicar “a OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de “Villa Solita” (Alcabre) (8.846-307)”.

Con data 26/04/18, a concelleira delegada de Patrimonio Histórico acordou a contratación da dirección facultativa, de execución e coordinación de seguridade e saúde das obras

descritas á empresa PROYECTOPIA SL, que presenta a Víctor Hermo Sánchez, como director facultativo e a Carolina Meire Montaña, como directora de execución e coordinadora de seguridade e saúde.

O artigo 219 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, sinala que os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos no título V do libro I, e de acordo co procedemento regulado no artigo 211.

O artigo 117 do RDL 3/2011 recolle as modificacións non previstas na documentación que rixe a contratación. En concreto o apartado c) fai referencia á “forza maior ou caso fortuito que fixera imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos”.

Estos feitos imprevisibles son recollidos pola dirección facultativa das obras, en informe de 12 de setembro de 2018 que se acompaña a este expediente, no que se sinala que o cambio significativo do estado da edificación a intervir, como consecuencia de dous derrubamentos: unha parte significativa da fachada da capilla e do forxado da planta baixa da zona do acceso porticado ao edificio.

Ditos derrubamentos producíronse, sen que se coñeza a data exacta, mentres durou o proceso de licitación das obras e, por tanto, con posterioridade á realización do proxecto, polo que ditas circunstancias non foron contempladas no proxecto adxudicado, polo que non puideron ser previstas.

Consecuentemente, a dirección facultativa solicita a autorización ao órgano de contratación, en virtude do previsto no artigo 234.3 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, para proceder á redacción do PROXECTO MODIFICADO Nº 1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DA EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO “VILLA SOLITA” (ALCABRE)

Polo exposto, solicítase desa Xunta Local de Goberno, de conformidade co disposto no artigo 234.3 e na Disposición adicional segunda do RDL 3/2011, o seguinte:

1.- Autorizar a redacción do PROXECTO MODIFICADO Nº 1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DA EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO “VILLA SOLITA” (ALCABRE)

2.- Autorizar a moratoria ao prazo de execución da obra polo período de tempo que transcurra ata a aprobación do citado proxecto.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

16(1052).- V PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA. EXPTE. 9105/307.

Visto o informe de fiscalización do 24/09/18, dáse conta do informe-proposta do 21/09/18, asinado pola xefa de Unidade Patrimonio Histórico, e pola concelleira-delegada de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

A Concelleira delegada de Patrimonio Histórico, por resolución do 4 de setembro de 2018, inicia expediente para desenvolver o V programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana.

A Concellería de Patrimonio Histórico ten encomendada a “protección, conservación, adecentamento, difusión e fomento do Patrimonio Cultural de Vigo”.

Así, considera que é de interese municipal realizar unha serie de actuacións cara a mellorar a imaxe urbana da cidade, e que o tratamento dos paramentos exteriores visibles dende a vía pública contribuirá ao realce da paisaxe e do noso patrimonio.

As catro edicións anteriores do programa desenvolvéronse nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, e contaron cunha importante participación cidadá e coa colaboura de institucións educativas e asociacións culturais.

O obxecto do **Quinto programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e actuacións de dinamización dos espazos públicos** é :

- tratar con pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é, aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública tanto de titularidade pública como privada.
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana.
- expoñer e ademais difundir a obra de artistas urbanos representantes do novo arte contemporáneo
- coa colaboración dos colexios e institutos da cidade, decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro educativo.
- durante a fase de execución dos murais desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais ou calqueira outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.

- que os cidadáns poidan disfrutar libremente na cidade das expresións do novo arte contemporáneo.

A finalidade da convocatoria é contribuir ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic...

Neste quinto programa, continuador dos desenvolvidos nas anualidades 2015, 2016, 2017 e 2018, desenvolveranse entre dez e quince actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ó orzamento dispoñible.

O programa estrutúrase en dúas **fases**: unha primeira de “Actuacións preparatorias”, na que se seleccionarán os espazos, artistas e centros educativos, e outra segunda de execución dos murais ou outras expresións artísticas. A Concellería de Patrimonio Histórico, previo asesoramento dunha comisión técnica creada ao efecto, cursará as correspondentes invitacións ós artistas seleccionados, invitacións que se formalizarán a través da correspondente contratación, debendo o seleccionado cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración. A contratación extenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos.

O **orzamento** estímase en 350.000 euros, en base a edicións anteriores, que se farán efectivos con cargo á partidas orzamentarias correspondentes ao orzamento municipal do 2019.

O **prazo de execución** da actuación de arrumbamento será determinado no contrato correspondente.

Na base novena, prevense causas específicas de **resolución** do contrato que se deberán reflectir no contrato correspondente.

Tamén se prevé a cesión ó Concello dos dereitos de explotación das obras contratadas, circunstancia que tamén deberá expresarse en cada un dos contratos.

En canto á primeira fase, o procedemento de selección ven determinado no propio programa, e en canto a súa execución se estará ó disposto na Normativa reguladora da contratación das corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

En todo caso non é de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa reguladora das subvencións en canto o resultado da actividade de arrumbamento da escena urbá, por persoas suxeitas a dereito privado, non é de propiedade e utilización exclusiva do suxeito de dereito privado, artigo 2.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento de subvencións, senón que actuación conforma a paisaxe urbá, de propiedade colectiva.



Concello de Vigo

O Concello é competente para desenvolver actuacións de rehabilitación da edificación, reforma interior dos barrios, mellora da súa habitabilidade, revitalización, recuperación e desenvolvemento en virtude das competencias que os artigos 25.2 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, atribúen ós municipios, en concreto a xestión e protección do patrimonio histórico e a promoción da cultura, así como o servizo de medio ambiente urbano.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

APROBAR O QUINTO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

V PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA

INTRODUCCIÓN

Co obxecto de mellorar a imaxe urbá da cidade, durante o ano 2015 desenvolveuse o Primeiro programa de tratamento de medianeiras e paredes vistas con pintura e murais decorativos; ademáis tiveron lugar unha serie de actuacións artísticas complementarias (mapping, actividades musicais, de danza urbana e outras de natureza similar).

Os artistas foron seleccionados segundo preveían as bases rectoras do programa, rexistrándose os datos dos interesados en participar, segundo solicitude recibida, e que achegaron a súa traxectoria profesional.

Ademáis o Programa contou cunha importante participación cidadá e coa colaboura de institucións educativas e asociacións culturais.

Nos anos 2016, 2017 e 2018 continuouse coa mesma liña de traballo, entendendo a cidade coma un lugar aberto á expresión artística e ofrecendo ao público un espectáculo único con diversidade de actuacións e exposicións. Coas intervencións deste ano son xa 36 as medianeiras pintadas e 46 muros, ano no que ademáis se consolida o carácter internacional do evento coa presenza de artistas consagrados da escena mundial.

Os criterios de selección dos espazos foron fixados polo Concello coa colaboura dunha comisión asesora: idoneidade da medianeira ou muro, a súa localización, o seu grado de protección ou catalogación municipal e, por suposto, o interese da propiedade dos espazos escollidos que se manifestou previamente e por escrito ante o Concello.

O procedemento efectuouse baixo os principios de participación pública, publicidade, concorrência e obxectividade.

PRIMEIRA.-OBXECTO

O obxecto do ***Quinto programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e actuacións de dinamización dos espazos públicos*** é :

- tratar con pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é, aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública tanto de titularidade pública como privada.
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana.
- expoñer e ademais difundir a obra de artistas urbanos representantes do novo arte contemporáneo
- coa colaboración dos colexios e institutos da cidade, decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro educativo.
- durante a fase de execución dos murais desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais ou calqueira outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.
- que os cidadáns poidan disfrutar libremente na cidade das expresións do novo arte contemporáneo.

SEGUNDA.- FIN

A finalidade da convocatoria é contribuir ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic...

TERCEIRA.- ÁMBITO

Neste quinto programa, continuador dos celebrados nos anos anteriores, desenvolveranse entre dez e quince actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ao orzamento dispoñible.

O Concello resérvase o dereito de modificar os lugares elixidos para as actuacións se as necesidades de tramitación así o aconsellan.



Concello de Vigo

CUARTA.- PROGRAMA DA ACTUACIÓN

O programa estrutúrase en dúas fases:

Fase 1.- Actuacións preparatorias

1.1 Subfase de propostas dos espazos a tratar, colexios e institutos oficiais interesados no programa, artistas participantes

- Mediante anuncio na páxina web do Concello, www.vigo.org, e prensa local, abrirase un prazo de 15 días naturais, contados dende o día seguinte da súa publicación na prensa, para que os propietarios, asociacións de veciños, culturais, sociais,.. e en xeral calquera interesado poida formular propostas de espazos a tratar.

Cando as propostas veñan subscritas polos propietarios dos inmobles, deberán xuntar autorización da comunidade de propietarios que se inclúe como ANEXO I.

A cesión dos espazos de propiedade privada para o Programa, supón o compromiso de manter a obra artística alomenos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (barniz), aproximadamente seis anos.

- Durante o mesmo prazo de 15 días, as institucións educativas interesadas en participar no programa, colexios e institutos, achegarán solicitude de participación que se relaciona como ANEXO II. A súa actuación axustarase, en principio, ao espazo a tratar do propio Centro educativo.

- Os artistas, ou grupos de artistas relacionados coa creación artística contemporánea interesados en participar no Programa poderán achegar en calquera tempo xustificación da súa traxectoria profesional, que será considerada pola comisión técnica encargada de propor á concellería as invitacións oportunas para executar os traballos de decoración.

As propostas irán dirixidas á Concellería de Patrimonio Histórico, edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO.

1.2 Subfase de selección dos espazos a tratar, colexios e institutos interesados no programa e artistas participantes

1.2.1 Selección dos espazos

Unha comisión técnica, previo estudo da viabilidade das localizacións, propondrá á concellería os espazos a renovar dacordo cos seguintes criterios:

- que a medianeira ou muro visibles dende o espazo público estea en axeitadas condicións de seguridade estrutural e estanquidade .
- viabilidade técnica dos traballos.
- interese espacial e urbano.
- existencia de elementos descontextualizados como cables, caixas de servizos, etc.
- medianeiras con gran impacto visual no conxunto do núcleo.
- interese arquitectónico da edificación e proximidade a edificacións de interese.
- constancia de servidumes que afecten ás medianeiras ou ao seu mantemento.

- ambiente urbano degradado.
- patios degradados de uso público das edificacións.

A comisión será nomeada pola Concellería de Patrimonio histórico e nela estarán representadas asociacións culturais da cidade, expertos en arte urbano e técnicos municipais especializados na conservación do patrimonio histórico.

O réxime xurídico da comisión axustarase ás normas contidas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, sen prexuízo das peculiaridades organizativas da administración local da que depende, o Concello de Vigo.

A comisión poderá resolver calquera dúbida, imprevisto ou interpretación que se deriven das presentes bases.

Á vista da proposta de selección, técnicos designados pola concellería emitirán informe acompañado de detallado reportaxe fotográfico, no que se describa o estado da medianeira en canto a súa seguridade, conservación, impermeabilidade e demais consideracións técnicas a ter en conta con carácter previo á intervención.

Consideraranse aqueles espazos non seleccionados nas anteriores edicións por falta de crédito.

As posibles propostas non seleccionadas pasarán a formar parte dun inventario para próximas edicións.

1.2.2 Selección dos artistas

Os artistas seleccionaranse por **invitación**, baixo dúas modalidades:

- Aqueles artistas urbanos de recoñecido prestixio serán, no seu caso, invitados pola Concellería de Patrimonio histórico.
- Artistas propostos á concellería pola comisión técnica, a cal, previo exame da súa traxectoria profesional, formulará a correspondente proposta de invitación. Para a selección dos artistas considerarase o rexistro creado na Concellería de Patrimonio histórico coas solicitudes de participación.

1.2.3 Selección dos colexios ou institutos

A comisión técnica propondrá á Concellería de Patrimonio Histórico os centros educativos nos que se actuará, tendo en conta os que se teñan interesado en participar nesta edición; aqueles que participaron en edicións anteriores, salvo excepción xustificada, quedarán excluídos da selección para a actual.

1.2.4 Características dos bosquejos/expresións artísticas

A comisión técnica será quen de indicar a cada artista por ela proposto e seleccionado pola concellería, o carácter do bosquexo a representar, con respecto tanto á creatividade do artista como á normativa específica de protección das zonas históricas.



Concello de Vigo

Aínda que a temática en principio será libre, fíxanse os seguintes criterios:

- nas zonas históricas priorizaranse os murais históricos ou identitarios que relaten tanto a historia da cidade, as súas actividades, fontes de riqueza e aqueles aspectos que identifiquen á cidade; murais pictóricos que poñan en valor aos artistas plásticos galegos ou vencellados a Vigo e a súa historia.
- o resultado final no contexto do espazo a decorar.
- dificultades de mantemento.
- axuste ao presuposto máximo.
- prohíbese a representación de temáticas que constitúan apoloxía da violencia, obras de contido racista, sexista, xenófobo, obsceno, ou calquer outro que atente contra a dignidade das persoas.

En relación coas propostas dos colexios e institutos

A dirección do colexio ou instituto elixirá os cursos para que os alumnos realicen un debuxo de temática libre. Un equipo de traballo especializado dirixirá os traballos de traslado dos debuxos aos muros do centro educativo.

Fase 2.- Execución dos murais/proxectos artísticos

As invitacións para executar os tratamentos dos espazos con pintura, murais e demais expresións artísticas, formalizaranse a través da correspondente contratación.

O programa para intervir nos espazos, sexan muros ou medianeiras, incluso as actuacións nas paredes dos colexios, abrangue a súa decoración, sen que se poida estender á reparación dos muros ou medianeiras dañados.

O autor ou autores da pintura mural será a mesma persoa ou grupo de persoas que elaborou o bosquejo ou proxecto aprobado; os/as seleccionados deberán cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración, e executar os traballos con absoluto respecto ás medidas de seguridade laboral e de ocupación, no seu caso, da vía pública nas debidas condicións de seguridade e no prazo que sinale a concellería.

A contratación extenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos: pinturas, andamios, escaleiras ... debendo a adxudicataria dos traballos de preparación da medianeira ou espazo libre dispor dun seguro de responsabilidade dos danos que se poideran causar a persoas ou bens.

QUINTA. -DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL

Os dereitos de explotación das obras contratadas serán cedidos ao Concello de Vigo, incluíndo os dereitos de reprodución, difusión e exhibición públicas, quen poderá facer uso deles en calquera das modalidades previstas no Texto refundido da Propiedade intelectual e sen outros límites que os establecidos nesta e noutras normas que resulten de aplicación.

Neste senso, o documento contractual referido aos artistas incluírá a cesión dos devantitos dereitos.

O prezo do contrato será o pago único pola cesión dos dereitos de propiedade intelectual, sen que proceda liquidación algunha pola posterior utilización dos dereitos cedidos.

As cesións dos dereitos de propiedade intelectual non terán o carácter de exclusivas, de xeito que o artista poder facer uso destes, sempre que non se prexudiquen os dereitos do Concello. De se realizar esta explotación o artista deberá mencionar a contratación por parte do Concello de Vigo dentro deste Programa.

SEXTA. -DOCUMENTACIÓN

Fase 1.- Actuacións preparatorias

- Selección de espazos

A propiedade, asociacións de veciños, culturais, sociais, sociedades, e en xeral calquera interesado pode formular propostas de espazos a tratar, sempre que sexan visibles dende as zonas públicas, e deberán achegar:

- emprazamento do espazo.
- fotografía actual.
- dimensións aproximadas.
- datos da propiedade.
- no caso de cesións de paredes de propiedade privada, autorización desta segundo ANEXO I.

- Selección de artistas

Os artistas interesados en participar achegarán :

- xustificación da súa traxectoria profesional.
- fotocopia do DNI (pasaporte do participante e, no seu caso, de cada un dos compoñentes do grupo).

Os artistas seleccionados, deberán achegar:

- autorización ao Concello de Vigo para a publicación, reprodución ou distribución, total ou parcial, da obra seleccionada na execución do Programa con renuncia expresa a calquera tipo de reclamación que puidera derivarse nos termos do disposto no RD Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, asinada polo autor ou representante do grupo (ANEXO III)
- declaración responsable de cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración, executar os traballos con absoluto respecto ás medidas de seguridade laboral e de ocupación no seu caso da vía pública nas debidas condicións de seguridade (ANEXO IV) e demais documentación que sexa requirida polo Concello de Vigo con carácter previo á súa contratación.



Concello de Vigo

SÉTIMA.- OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

Sétima.1 DOS ARTISTAS SELECCIONADOS

- Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento da obra.
- Realizar a obra consonte ó bosquexo ou proxecto aprobado.
- Responder da autenticidade da obra, baixo a persoal responsabilidade da persoa que realice o bosquexo.
- Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos que se poidan causar a persoas e bens durante a execución da obras.

Sétima.2 DA PROPIEDAD DOS ELEMENTOS A DECORAR

Asumir o compromiso para garantir no futuro o mantemento da pintura, da aparencia do edificio nunhas axeitadas condicións estéticas consonte coas obras executadas, alomenos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (barniz), aproximadamente seis anos.

Sétima.3 DA ADXUDICATARIA DOS TRABALLOS DE PREPARACIÓN DA MEDIANEIRA OU ESPAZO LIBRE

Segundo expediente de contratación das obras que se tramite ao efecto.

OITAVA.- FINANCIACIÓN

A cantidade destinada a este **V programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e outras actuacións de dinamización dos espazos públicos** estímase en 350.000 euros, en base a edicións anteriores, que se farán efectivos con cargo á partidas orzamentarias correspondentes ao orzamento municipal do 2019.

NOVENA.- RÉXIME SANCIONADOR

Será causa específica de resolución do contrato co artista, a actitude violenta ou falta de respecto dos artistas aos demais participantes ou asistentes.

A rescisión poderá implicar a prohibición de participar en futuros programas durante un tempo que se determinará en función das circunstancias que concorran.

Será tamén motivos para a resolución:

- a. A realización de pinturas fora dos espazos designados polo concello para este evento
- b. A alteración das obras doutros participantes
- c. O plaxio das obras doutros artistas
- d. A non correspondencia das obras co seu bosquexo ou proxecto orixinal

DISPOSICIÓN FINAIS

A participación no Programa supón a aceptación destas bases na súa totalidade.

As actuacións serán gravadas e/ou fotografiadas e poderán ser reproducidas e /ou expostas polo Concello.

ANEXO I: AUTORIZACIÓN DA PROPIEDAD DA PAREDE

D.
no seu propio nome/en representación da Comunidade de propietarios do inmovible sito en
con DNI/Pasaporte núm..... e enderezo electrónico a efectos de notificacións (no caso de representación da Comunidade da Propiedade, acompañarase copia do nomeamento)

autorizo ao Concello de Vigo para decorar con pintura, a través do V PROGRAMA para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana, a parede/medianeira da súa propiedade, tal e como se recolle no acordo da xunta xeral da comunidade de propietarios de data, do que se achega un exemplar. Ademáis, esta comunidade da propiedade do inmovible sinalado ACEPTA o traballo artístico plasmado no espazo que se autorizou ao efecto e se compromete a impedir a súa eliminación por calquera membro da comunidade da propiedade. alomenos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (barniz), aproximadamente seis anos; de producirse esta situación, asume o compromiso de comunicarlle inmediatamente ao Concello de Vigo ou á persoa que actúe na súa representación, quen exercerá as accións oportunas.

O que asino en Vigo, o de de 201..

Sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico,

Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO

ANEXO II: SOLICITUDE DE CENTROS EDUCATIVOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA (COLEXIOS E INSTITUTOS)

O centro educativo, colexio / instituto.....

actuando na súa e
representación,
don/dona.....

(especificar o cargo),

con DNI/Pasaporte núm....., e con enderezo de correo electrónico a efectos de notificacións



Concello de Vigo

solicito participación do citado centro no *V PROGRAMA para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana.*

En Vigo, o de de 201.....

Selo e sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico,

Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO

ANEXO III: DOCUMENTO DE AUTORIZACIÓN E COMPROMISO

D/Dna.....

con DNI....., en nome propio e/ou representación (que acredito en documento anexo) do meu grupo, integrado por:

....., con DNI/NIF

....., con DNI/NIF

....., con DNI/NIF

..autorizo ao Concello de Vigo para a publicación, reprodución ou distribución, total ou parcial, da obra seleccionada no *V PROGRAMA para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana,* con renuncia expresa a calquera tipo de reclamación que poida derivarse e nos termos esixidos no Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

En Vigo, de de 201.....

Sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico,

Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO

ANEXO IV: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna....., con NIF

..... e con enderezo en

.....en calidade

de **(sólo no caso de representación de sociedades, indicando a denominación do cargo, CIF da empresa e acompañarase de copia de escritura de representación/apoderamento)**

1.- **DECLARO** que teño (ou a empresa ten) plena capacidade para contratar de acordo con lo establecido en los artigos 65, 66 e 84 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

2.- **DECLARO** que non me atopo incurso (ou a empresa non se atopa incurso) nas causas de incapacidade para contratar coa administración pública recollidas no artigo 71 da citada lei.

3.- **SINALO** como enderezo de correo electrónico a efectos de notificacións a seguinte:
.....

E para que conste ante o Concello de Vigo asino a presente declaración en, a día de dous mil..... **(a data consignarase en letra)**

Asdo.:

(no caso de empresas, ademais o selo da mesma)

(Os textos en **negrita son explicativos polo que NON DEBERÁN FIGURAR na declaración que se presente)*

Concellería de Patrimonio Histórico,
Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO

17(1053).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE 3 AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE PARQUES E XARDÍNS E PARA REXISTRO XERAL. 32466/220.

Visto o informe de fiscalización do 24/09/18, dáse conta do informe-proposta do 30/08/18, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 12/07/2018, o Xefe da Área Servizos Xerais e o Concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación cidadá e Distritos, remiten oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de un/unha auxiliar de administración xeral por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas. Así mesmo, con data 07/08/2018,



Concello de Vigo

o Xefe do Rexistro Xeral e a Xefa da Área de Réxime Interior, remiten oficio no que tamén manifestan a urxencia para proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas auxiliares de administración xeral ante o aumento exponencial no tempo e dificultade para o rexistro da documentación por mor da creación das novas Oficinas de asistencia en materia de rexistro.

2.- En resposta a estas peticións, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 10/08/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local tres auxiliares de administración xeral, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 24/08/2018, emítese polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.



Concello de Vigo

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao posto ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138, Auxiliar, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta nos escritos de datas 12/07/2018 e 07/08/2018, do Xefe da Área Servizos Xerais e o Concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación cidadá e Distritos e do Xefe do Rexistro Xeral e a Xefa da Área de Réxime Interior respectivamente, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de

data 10/08/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, os presentes son dous dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de tres auxiliares para o Servizo de Parques e Xardíns e para o Rexistro Xeral, supón un gasto de **34.837,41 €** dos que 23.033,67 € corresponden ao presente exercicio e, 11.803,74 € ao vindeiro exercicio 2019, ao que haberá que engadirse a cantidade de **10.695,33 €** (7.071,30 €, corresponden ao presente exercicio e 3.624,03 € ao vindeiro exercicio 2019) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Auxiliar de Administración Xeral existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D.^a P. Martíns Garbín, con DNI *****082-N, D.^a R. Portela Tejero, con DNI *****388-M e D.^a T. M. Fernández López, con DNI *****312-N** de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

As mesmas aceptaron expresamente mediante escritos incorporados ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.



Concello de Vigo

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas -como **Auxiliares de Administración Xeral**-, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do Servizo de Parques e Xardíns e do Rexistro Xeral, contidas nos escritos de datas 12/07/18 e 07/08/18 respectivamente e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **34.837,41 €** dos que 23.033,67 € corresponden ao presente exercicio e, 11.803,74 € ao vindeiro exercicio 2019, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, **como auxiliares de administración xeral a D.^a Martíns Garbín P., con DNI *****082-N, D.^a Portela Tejero R., con DNI *****388-M e D.^a Fernández López T. M. , con DNI *****312-N**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos (Posto cód. 138-Auxiliar), sendo adscritos/as ao Servizo de Parques e Xardíns e Rexistro Xeral, sen prexuízo de que, de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo

da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, á Xefatura de Educación, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1054).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS COMO FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS COMO OFICIAIS CONDUTORES. EXPTE. 32499/220.

Visto o informe de fiscalización do 27/08/18, dáse conta do informe-proposta do 23/08/18, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a través da instrución de servizo de data 18 de decembro de 2017, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración das bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Oficiais condutores, á maior brevidade.

II.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 25 de xaneiro de 2018 aprobou as bases reitoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Oficial condutor, integrado no subgrupo C2, expte. 31121/220, bases que se publicaron no BOP nº 42 de data 28 de febreiro de 2018, e nas que se habilitaba expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal



Concello de Vigo

ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde Presidente, efectuada en Resolucións de 19 de xuño de 2015 e 30 de decembro de 2016.

As ditas bases foron rectificadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de marzo de 2018, publicadas no BOP nº82 do 27 de abril de 2018.

III.- Transcorrido o prazo para a presentación de recursos contra as referidas bases reitoras, non se interpuxo contra as mesmas recurso algún.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, faríase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida), aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 13 de agosto de 2018, documentada na Acta 7, por unanimidade de tódolos seus membros, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolveu declarar que os aspirantes que superaron tódalas probas de que constaba este proceso selectivo convocado e que, por tanto, formarán parte da bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para Oficial Conductor/a, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión extraordinaria e urxente do 25 de xaneiro de 2018, son os que seguen por orde de puntuación, segundo a seguinte relación:

| Nº | APELIDOS | NOM E | DNI | 1º EXERC | 2º EXERC | GALEGO | TOTAL |
|----|---------------------|-------|---------------|----------|----------|--------|--------|
| 55 | RODRÍGUEZ CASAL | J. A. | *****659L | 8,500 | 9,00 | 2,00 | 19,500 |
| 30 | IGLESIAS RODRÍGUEZ | J. B. | *****623J | 8,833 | 8,80 | 1,00 | 18,633 |
| 71 | VÁZQUEZ RODRÍGUEZ | R. A. | *****313F | 6,500 | 10,00 | 2,00 | 18,500 |
| 69 | VÁZQUEZ MARTÍNEZ | B. | *****352 W | 6,833 | 9,33 | 2,00 | 18,163 |
| 10 | COUCEIRO BLANCO | J. J. | *****789C | 7,667 | 8,07 | 2,00 | 17,737 |
| 36 | MORILLO PEREDA | F. | *****127H | 6,000 | 9,73 | 2,00 | 17,730 |
| 7 | BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ | D. | *****961S | 7,167 | 7,97 | 0,80 | 15,937 |
| 48 | PRADO LOPEZ | I. | *****368H | 5,167 | 8,73 | 2,00 | 15,897 |
| 54 | RIBA ANDREU | V. | *****011Q | 5,167 | 8,10 | 2,00 | 15,267 |
| 31 | JUSTO RIVERO | F. | *****194B | 5,000 | 7,83 | 2,00 | 14,830 |
| 12 | DASILVA RIVAS | M. | *****179D | 5,500 | 6,95 | 2,00 | 14,450 |
| 18 | FEIJOO REGUEIRO | J. | *****060H | 5,500 | 7,33 | 0,80 | 13,630 |

IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo aos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo”, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.”



Concello de Vigo

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

*As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de **3 anos**.*

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirásé á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do

acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe coa conformidade da Xefa da Área de recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Oficial condutor/a, que inclúe aos/ás aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios/as interinos/as segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Oficiais condutores/as segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta da sesión do día 13 de agosto de 2018, que forma parte inseparable do citado acordo, segundo relación seguinte:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | 1º EXERC | 2º EXERC | GALEGO | TOTAL |
|----|---------------------|-------|-----------|----------|----------|--------|--------|
| 55 | RODRÍGUEZ CASAL | J. A. | *****659L | 8,500 | 9,00 | 2,00 | 19,500 |
| 30 | IGLESIAS RODRÍGUEZ | J. B. | *****623J | 8,833 | 8,80 | 1,00 | 18,633 |
| 71 | VÁZQUEZ RODRÍGUEZ | R. A. | *****313F | 6,500 | 10,00 | 2,00 | 18,500 |
| 69 | VÁZQUEZ MARTÍNEZ | B. | *****352W | 6,833 | 9,33 | 2,00 | 18,163 |
| 10 | COUCEIRO BLANCO | J. J. | *****789C | 7,667 | 8,07 | 2,00 | 17,737 |
| 36 | MORILLO PEREDA | F. | *****127H | 6,000 | 9,73 | 2,00 | 17,730 |
| 7 | BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ | D. | *****961S | 7,167 | 7,97 | 0,80 | 15,937 |
| 48 | PRADO LOPEZ | I. | *****368H | 5,167 | 8,73 | 2,00 | 15,897 |
| 54 | RIBA ANDREU | V. | *****011Q | 5,167 | 8,10 | 2,00 | 15,267 |
| 31 | JUSTO RIVERO | F. | *****194B | 5,000 | 7,83 | 2,00 | 14,830 |
| 12 | DASILVA RIVAS | M. | *****179D | 5,500 | 6,95 | 2,00 | 14,450 |
| 18 | FEIJOO REGUEIRO | J. | *****060H | 5,500 | 7,33 | 0,80 | 13,630 |

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do



Concello de Vigo

previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1055).- PROPOSTA PARA A CREACIÓN DO REXISTRO ELECTRÓNICO DE CONVENIOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 309/1102.

Dáse conta do informe-proposta do 24/09/18, asinado pola secretaria do Goberno Local e o concelleiro Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Admón. Electrónica, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

A tramitación, xestión e seguimento dos convenios sempre presentou certa dispersión normativa sobre todo no canto á Administración Local e a delegación competencial do Estado nas comunidades autónomas. Esta apertura xeral queda perfectamente reflectida no artigo 9 da antiga lei sobre procedemento administrativo, a 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que se limitaba a inxerir unha breve referencia sobre convenios para tan só facer remisión á lexislación local.

Porén, a lexislación local tampouco foi nunca especialmente xenerosa na redacción normativa, dende o artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local que é especialmente breve ata o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local, que se limitaba a unhas indicacións xerais.

Esta última foi profusamente reformada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que aumentou non só o texto do artigo 57, senón tamén moitas consideracións cara esta materia, coa introdución de novidades ao respecto:

- Os “convenios de fusión” entre municipios (art. 13.4 LBRL).
- Os “convenios de delegación” de competencias estatais ou autonómicas a municipios (art. 27.5 LBRL).
- Os “convenios de coordinación” entre comunidade autónoma e municipios para o mantemento de consultorios médicos (art. 27.1. i) LBRL).
- Os “convenios consorciais” (art. 57.2 LBRL).
- Os “convenios financeiros” entre comunidades autónomas e entidades locais (art. 57 bis LBRL).
- Os “convenios para funcións de intervención” entre la Intervención Xeral do Estado e entidades locais (DA 7ª LRSAL).
- Os “convenios sobre o exercicio de competencias municipais” (DA 9ª LRSAL).
- Os “convenios de xestión tributaria” entre o Estado e as entidades locais (DA 10ª LRSAL).

A aprobación da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público subsanou as deficiencias da súa predecesora e aportou nova regulación de forma contundente, nos artigos 47 a 53 a tal efecto, definindo os convenios como instrumento de xestión, contemplando aspectos tales como a súa validez e eficacia, o seu contido, a súa resolución e efectos, así como remisión ao Tribunal de Contas.

No eido autonómico, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia regula con amplitude a figura dos convenios (artigos 91, 94, 96, 97, 117, 198, 199 e 202), versando sobre os acordos deste tipo entre Xunta e distintas categorías municipais (turísticos, histórico-artísticos, industriais) e deputacións para establecer fórmulas de asistencia e coordinación destinadas á prestación de servizos, cooperación técnica, conservación e infraestruturas dunha forma conxunta e eficiente, pero tamén instaurar a obriga mutua de comunicación de convenios con terceiros que se poidan afectar.

Ante o novo marco normativo, en primeiro lugar, en materia de transparencia coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, e en materia de procedemento definido pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello de Vigo detectou a necesidade de adoptar medidas para a adaptación da xestión dos convenios á nova política dixital municipal, xa que a tramitación e sinatura en papel e a publicación manual dos contidos esixidos pola normativa en materia de publicidade activa, resultaba unha práctica pouco eficiente que podía inducir a erros e omisións, polo que se puxo en evidencia a necesidade de atopar as ferramentas axeitadas para optimizar a tramitación e masificar a capacidade de difusión.

Para acadar unha nova dinámica administrativa e avanzar na dixitalización dos procesos, este Concello estableceu o Plan de Transformación Integral da Administración Municipal do Concello de Vigo, que a través do traballo de comités técnicos especializados e grupos técnicos de traballo, desenvolve as medidas precisas para poñer na práctica esta metamorfose, dende unha óptica multidisciplinar e transversal.

II.- Lexislación aplicable

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información pública e Bo Goberno.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de Protección de Datos).
- Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter persoal.
- Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



Concello de Vigo

- Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica.
- Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.

A entrada en vigor da reforma administrativa de 2015 consolidou o inicio dunha transformación da Administración cara un escenario totalmente dixital, ao tempo que, ao abeiro deste cambio dixital e as súas posibilidades, se reforzan as obrigas en materia de transparencia os preceptos da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, que impón unha nova dimensión do goberno plenamente aberta e baseada na publicidade activa dos contidos e documentos municipais, cun marco máis esixente que o establecido nos estándares legais.

Ante a necesidade de facer efectiva esta evolución, coas dificultades e retos propios da administración local e de crear un sistema de tramitación da actividade convencional do Concello de Vigo, acorde con esta transformación electrónica e co estímulo á transparencia e publicidade activa, incoouse expediente 309/1102 para a creación do Rexistro Electrónico de Convenios do Concello de Vigo, designando instrutora do mesmo á secretaria do Goberno Local, en aplicación do disposto no artigo 3.2 k) Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, xunto coa Disposición adicional oitava da LRBRL.

O órgano competente para a súa aprobación é a Xunta de Goberno Local, en aplicación do artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar a creación do **Rexistro Electrónico de Convenios do Concello de Vigo**, así como as directrices da súa organización, funcionamento e acceso, que forman parte deste acordo como Anexo I, como o instrumento de publicidade e transparencia dos convenios.

Segundo.- O presente acordo será de aplicación a partires do 1 de outubro de 2018, nos termos que se recollen no Anexo I respecto aos convenios anteriores e en tramitación.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, na Sede Electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo (<https://transparencia.vigo.org/?lang=es>).

Cuarto.- Notificar o presente acordo aos concelleiros responsables de áreas de goberno, titulares de órganos directivos municipais, e ás xefaturas de áreas e servizos municipais, así como ordenar a súa inserción na Intranet municipal para garantir o seu xeral coñecemento por todas as áreas e servizos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

DIRECTRICES DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E ACCESO AO REXISTRO ELECTRÓNICO DE CONVENIOS DO CONCELLO DE VIGO

O obxecto deste Anexo é o establecemento das directrices de organización, funcionamento e acceso do Rexistro Electrónico de Convenios do Concello de Vigo, como instrumento de publicidade e transparencia dos convenios.

Este rexistro será de carácter administrativo, público, único e independente, sen prexuízo da interconexión e da interoperabilidade con outros rexistros. Estará adscrito á Concellería de Xestión Municipal baixo a dependencia funcional da Secretaría do Goberno Local, en aplicación do disposto no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, xunto coa Disposición adicional oitava da LRBRL.

Estarán suxeitos a inscrición neste rexistro os convenios con outras administracións públicas, universidades ou corporacións de dereito público, así como entidades privadas ou asociacións, fundacións ou consorcios, para a colaboración e cooperación en atención ao interese público, que subscriba:

- a) A Alcaldía do Concello de Vigo.
- b) A Xunta de Goberno do Concello de Vigo.
- c) Os/as concelleiros/as do Concello de Vigo, ben en atribución de competencias propias ou por delegación.
- d) As asociacións, fundacións e consorcios con órganos de decisión integrados maioritariamente por representación designada polo Concello.

Sen prexuízo do anterior, poderán inscribirse no mesmo todo acordo de vontades, protocolo, acordo marco ou instrumento coa finalidade de colaboración e cooperación, adoptados por escrito, libre e con plena competencia das partes asinantes, para un fin común e con plenos efectos xurídicos.



Concello de Vigo

Non serán obxecto de inscrición neste rexistro:

- Convenios ou contratos que teñan por obxecto prestacións propias dos contratos, quedando sometidos á lexislación de contratos do sector público.
- Convenios urbanísticos ou en materia expropiadora.
- Os acordos entre concellerías deste Concello.
- O remate convencional dos procedementos administrativos ou acordos, pactos, convenios ou contratos, previa resolución do expediente.
- Outros convenios, que de forma motivada se dispoña.

Os convenios obxecto de inscrición deberán conter en todo caso:

- a) Os suxeitos ou órganos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica coa que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia administrativa na que se fundamenta a actuación do Concello ou entidades dependentes.
- c) O obxecto do convenio así como as actuacións a realizar por cada parte, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.
- d) As obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houberse, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento correspondente, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.
- e) Os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Estes instrumentos tamén resolverán as denuncias ou solución de controversias así como os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir.
- f) A necesidade ou non de establecer un organismo para a xestión do convenio para a asistencia técnica, coordinación ou actuación conxunta para a colaboración-cooperación.
- g) As consecuencias aplicables no caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización polo seu incumprimento.
- h) As causas e actuacións en caso de extinción ou resolución.
- i) O réxime de modificacións do convenio.
- j) O prazo de vixencia do convenio, que deberá ter unha duración determinada (días, meses ou anos) e non poderá superar os catro anos, agás que se prevexa normativamente un prazo superior. Os asinantes poderán prever de forma unánime a súa prórroga por un período adicional doutros catro anos ou a súa extinción definitiva.

Sen prexuízo doutros contidos que veñan esixidos por normativa de carácter sectorial ou que, en orde á súa tramitación se puideran incluír.

A inscrición dos convenios no rexistro producirase no momento da súa sinatura e de forma automática, mediante aplicación electrónica. Deberá quedar constancia desta inscrición incorporando dilixencia ao expediente.

Correspóndelle á Secretaría do Goberno Local do Concello a custodia e levanza do Rexistro Electrónico de Convenios do Concello de Vigo, a instancia do servizo que os tramite e unha vez recibido expediente ou a documentación necesaria, sendo responsable o Servizo ou Área xestora da súa remisión nos termos establecidos para a súa inscrición, así como da veracidade dos datos consignados.

Con cada convenio recibido, procederá apertura dunha folla rexistral e se lle outorgará un número correlativo de rexistro, segundo orde de recepción, facéndose constar todos os datos do punto anterior así como calquera addenda, prórroga, modificación ou resolución posterior. Esta inscrición practicarase sen prexuízo doutras que tamén corresponderan tanto no propio Concello como a nivel autonómico ou estatal.

Os convenios asinados e inscritos no Rexistro Electrónico de Convenios do Concello de Vigo serán obxecto de publicidade activa no Portal de Transparencia, atendendo aos principios de accesibilidade, interoperabilidade e reutilización da información.

A publicación dos convenios farase de forma sinxela, inmediata e automática, mediante ferramentas informáticas axeitadas, que capturen a información da base de datos do Rexistro Electrónico de Convenios do Concello de Vigo coa mínima intervención humana. Esta difusión non impedirá nin dificultará de ningún modo a publicación noutras plataformas que de forma voluntaria ou por imperativo normativo se establecese.

Os expedientes administrativos de tramitación e a documentación dos convenios aquí referidos poderán ser obxecto de consulta mediante solicitude de acceso á información pública de acordo co procedemento establecido no capítulo III do Título I da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, sen prexuízo da aplicación dos límites e particularidades recoñecidas no mesmo.

O órgano responsable do rexistro de convenios será o encargado da expedición de copias e de emitir certificacións electrónicas sobre os datos neles contidos, de acordo coa lexislación sobre procedemento administrativo e o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e a lexislación administrativa. Estas copias e certificacións terán carácter público e poderán ser gravadas mediante taxa de acordo coa ordenanza fiscal de imposición. As peticións faranse por escrito, preferentemente mediante medios electrónicos e con carácter individual, remitíndose as solicitudes masivas, xenéricas ou de mera consulta ao Portal de Transparencia.

O Rexistro Electrónico de Convenios do Concello de Vigo, como ficheiro automático que contén datos de carácter persoal, estará suxeito ao Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos) e a lei orgánica e normativa que o desenvolva, sen prexuízo da súa incorporación ao Rexistro de actividades de tratamentos de datos persoais.



Concello de Vigo

A inscrición e publicidade dos convenios en trámite no momento da entrada en vigor do presente acordo, axustaranse ao aquí disposto.

A publicidade dos convenios xa tramitados e inscritos con anterioridade á entrada en vigor deste acordo, manterán a súa numeración e organización.

O Rexistro Electrónico de Convenios do Concello de Vigo será efectivo coa entrada en vigor do presente acordo e co respaldo informático necesario.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1056).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE, PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA 2018. EXPTE. 2137/330.

Visto o informe xurídico do 22/08/18, e o informe de fiscalización do 18/09/18, dáse conta do informe-proposta do 06/08/18, asinado polo xefe do Servizo Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 31 de xullo pasado, a asociación ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE presenta a través da sede electrónica solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 2 de agosto, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do Festival Internacional de creación musical contemporánea 2018, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 7.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE** é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa Festival Internacional de creación musical contemporánea, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

Luns 8 de outubro, 20:30 h

PARADOXO DA VISIBILIDADE. Oh Ton
Auditorio "Martín Codax" do CSM

Sábado 3 de novembro, 20:30 h

MIGRACIÓNS. Espai Sonor
MARCO

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN EN PARALELO

* **AGUZAR O OÍDO.** VI Curso de achegamento á música contemporánea. MARCO

* **MÚSICAPORDENTRO2018.** Proxecto de achegamento ao feito sonoro para Primaria e Secundaria

* **ALÉN 2018. Obradoiros instrumentais. CASA das CSM de Vigo:**

- Xoves 4 de outubro. De 10:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h. CSM de Vigo
MICHAEL PATTMANN. A percusión na música de Stockhausen

- Xoves 4 de outubro. De 10:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h. CSM de Vigo
PATRICIA MARTINS. O piano na mú de Stockhausen

- Sábado 6 de outubro. De 10:00 a 14:00 h. CSM de Vigo
STEFFEN AHRENS. Usos de guitarra eléctrica en contextos de música contemporánea

* **LUTHERÍA EXPERIMENTAL.** Obradoiros de lutería electrónica con Mateo Mena

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 37.778,70 € (trinta e sete mil setecentos setenta e oito euros con setenta céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 € (18,53 %)
- Concello de Pontevedra: 15.000 € (39,70 %)
- Concello de Cangas: 3.000 € (7,94 %)
- Concello de Marín: 3.000 € (7,94 %)
- INAEM: 6.000 € (15,88 %)
- Igualdade Universidade de Vigo: 1.000 € (2,65 %)
- Pro Helvetia: 2.000 € (5,30 %)
- Japan Foundation: 778,70 € (2,06 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade



Concello de Vigo

- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade
- Certificado exención de iva
- Seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito remitido pola ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE de aceptación do texto do convenio de colaboración proposto, relativo á organización e realización do Festival Internacional de creación musical contemporánea 2018.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE, para a organización e realización do Festival Internacional de creación musical contemporánea 2018, obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2018, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativa

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE ten como obxecto financiar a organización do Festival Internacional de creación musical contemporánea 2018 e figura na partida 3340.480.00.00 "CONVENIO FESTIVAL VERTIXE SONORA", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.000€ (sete mil euros) á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE, CIF. G27751296, para o financiamento do Festival Internacional de creación musical contemporánea 2018, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 "CONVENIO FESTIVAL VERTIXE SONORA", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival Internacional de creación musical contemporánea 2018."

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA 2018.

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaoto

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Ramón Souto Caride, na súa condición de presidente da Asociación Cultural Vertixe (CIF G27751296) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na rúa Canceleiro, 16, 2º B, CP 36201 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE** é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa **Festival Internacional de creación musical contemporánea**, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE**, como medio que é de promover a música contemporánea na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.00, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE**, a cantidade de 7.000 euros.*

*IV.- Que a **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE** non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co*

Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa *Festival Internacional de cración musical contemporánea* durante o exercicio 2018, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 37.778,70 € (trinta e sete mil setecentos setenta e oito euros con setenta céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 € (18,53 %)
- Concello de Pontevedra: 15.000 € (39,70 %)
- Concello de Cangas: 3.000 € (7,94 %)
- Concello de Marín: 3.000 € (7,94 %)
- INAEM: 6.000 € (15,88 %)
- Igualdade Universidade de Vigo: 1.000 € (2,65 %)
- Pro Helvetia: 2.000 € (5,30 %)
- Japan Foundation: 778,70 € (2,06 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Luns 8 de outubro, 20:30 h

PARADOXO DA VISIBILIDADE. Oh Ton

Auditorio "Martín Codax" do CSM

Sábado 3 de novembro, 20:30 h

MIGRACIONES. Espai Sonor

MARCO



Concello de Vigo

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN EN PARALELO

- * **AGUZAR O OÍDO.** VI Curso de achegamento á música contemporánea. MARCO
- * **MUSICAPORDENTRO2018.** Proxecto de achegamento ao feito sonoro para Primaria e Secundaria
- * **ALÉN 2018. Obradoiros instrumentais. CASA das CSM de Vigo:**
 - Xoves 4 de outubro. De 10:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h. CSM de Vigo
MICHAEL PATTMANN. A percusión na música de Stockhausen
 - Xoves 4 de outubro. De 10:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h. CSM de Vigo
PATRICIA MARTINS. O piano na mú de Stockhausen
 - Sábado 6 de outubro. De 10:00 a 14:00 h. CSM de Vigo
STEFFEN AHRENS. Usos de guitarra eléctrica en contextos de música contemporánea
- * **LUTHERÍA EXPERIMENTAL.** Obradoiros de lutería electrónica con Mateo Mena

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1)Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Ramón Souto Caride, presidente da entidade.
- 2)Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3)Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4)Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5)Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6)Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
- 7)Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da

modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8) A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (7.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e



Concello de Vigo

demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias

de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

•Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 16 de novembro de 2018.

•Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

•Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:

1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
3. Memoria de prensa.
4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
5. Reportaxe fotográfica.



Concello de Vigo

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia

con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei



Concello de Vigo

15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Regulamento Europeo 2016/679 de Protección de Datos, de 27 de abril de 2016, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o

seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I

ORZAMENTO DO PROGRAMA

“FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA 2018”

1.- GASTOS:

| | |
|-------------------------|----------|
| Administración | 1.147 € |
| Produción | 6.292 € |
| Rexistro | 3.146 € |
| Promoción e publicidade | 3.872 € |
| Proxectos Didácticos | 1.815 € |
| Aloxamentos | 2.530 € |
| Viaxes | 1.170 € |
| Cachés | 13.359 € |
| Intercambio | 4.000 € |
| Dereitos autor | 447,70 € |

TOTAL GASTOS **37.778,70 €**

2.- INGRESOS:

| | |
|--------------------------------|----------|
| Concello de Vigo | 7.000 € |
| Concello de Pontevedra | 15.000 € |
| Concello de Cangas | 3.000 € |
| Concello de Marín | 3.000 € |
| INAEM | 6.000 € |
| Igualdade Universidade de Vigo | 1.000 € |
| Pro Helvetia | 2.000 € |
| Japan Foundation | 778,70 € |



Concello de Vigo

TOTAL INGRESOS

37.778,70 €

21(1057).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI), PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VIGO, UN MAR DE CORAIS” DURANTE O EXERCICIO 2018. EXPTE. 2138/330.

Visto o informe xurídico do 27/08/18, e o informe de fiscalización do 18/09/18, dáse conta do informe-proposta do 06/08/18, asinado polo xefe do Servizo Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 2 de agosto pasado, a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e a documentación ao respecto; por este motivo, con data 2 de agosto, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do programa “Vigo, un mar de corais” durante o exercicio 2017, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 195.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.08 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestación de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.

A citada entidade aglutina un total de 39 masas corais polifónicas que pertencen a distintas entidades veciñais e/ou culturais da cidade de Vigo, e que leva desenvolvendo conxuntamente co Concello de Vigo, dende o ano 2003, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade, a través do programa “Vigo, un mar de corais”

PROGRAMA:

- As actuacións desenvolverase ao longo de todo o ano en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- En total son 37 masas corais con un total de 206 (duascentas seis) actuacións.
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuito, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

ORZAMENTO.-

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 195.000 (cento noventa e cinco mil euros), financiándose integramente coa achega do CONCELLO.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade
- Certificado exención de iva
- Escrito remitido pola Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á organización e realización do programa “Vigo, un mar de corais” durante o exercicio 2018, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI), para a organización e realización do programa “Vigo, un mar de corais” durante o exercicio 2018, obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2018, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.



Concello de Vigo

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) ten como obxecto financiar a organización e realización do programa “Vigo, un mar de corais” durante o exercicio 2018 e figura na partida 3340.480.00.08 “CONVENIO CULTURAL ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 195.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 195.000 € (cento noventa e cinco mil euros) á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI), CIF. G-36980928, para o financiamento da organización e realización do programa “Vigo, un mar de corais” durante o exercicio 2018, organizado por esta entidade, con un total de 206 actuacións de 37 masas corais; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.08 “CONVENIO CULTURAL ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da organización e realización ds programa “Vigo, un mar de corais” durante o exercicio 2018.”

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI), RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VIGO, UN MAR DE CORAIS” DURANTE O EXERCICIO 2018

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaoto

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Enrique Lorenzo Vila, na súa condición de presidente da ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) (CIF: G-36980928) (en adiante a ASOCIACIÓN), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 1110-10, con enderezo social na rúa Ecuador, 17, CP 36203 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestión de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)**, en concreto no programa “Vigo, un mar de corais”, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.08, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)**, a cantidade de 195.000 euros.*



Concello de Vigo

IV.- Que a **ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI)** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver os programas “Vigo, un mar de corais”, que se detalla na documentación achegada pola ASOCIACIÓN no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 195.000 € (cento noventa e cinco mil euros), financiándose integramente coa achega do CONCELLO.

TERCEIRA.- DATAS, LUGARES E CARACTERÍSTICAS DOS PROGRAMAS

PROGRAMA “Vigo, un mar de corais”

- As actuacións desenvolverase ao longo de todo o ano en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- En total son 37 masas corais con un total de 206 (duascentas seis) actuacións.
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1)Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da ASOCIACIÓN.
- 2)Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos

mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

- 3) Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4) Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5) Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6) Editar o material gráfico (carteis, folletos, rolers...) para a difusión do programa de actuacións obxecto deste convenio, dos que facilitará ao CONCELLO o número de exemplares que se decida de mutuo acordo.
- 7) Instalar os rolers publicitarios editados nos escenarios onde se realicen as actuacións con cargo a este convenio, en lugar perfectamente visíbel.
- 8) Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
- 9) Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 10) A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 11) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ASOCIACIÓN entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (195.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.
3. Ceder gratuitamente o Auditorio Municipal do Concello e o salón de actos do Verbum, según a súa disponibilidad e necesidades do propio Concello, para o que a ASOCIACIÓN presentará a solicitude correspondente, cunha antelación mínima de un mes respecto ao comezo dos ciclos de programación de actuacións.



Concello de Vigo

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

A maiores, o mecanismo de seguimento tamén se realizará en base ás “certificacións de actuación”, asinadas pola entidade correspondente, cuxo modelo se incorpora como anexo II do presente convenio. Estas certificacións deberán aportarse en cada un dos pagamentos solicitados, que se estipulan na cláusula oitava do presente convenio.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras ASOCIACIÓNs que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlanse dous pagamentos según o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento trala sinatura do presente convenio e que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado ata esa data.
- b) Un segundo e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ás actuacións realizadas e pendentes. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 16 de novembro de 2018.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.



Concello de Vigo

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Documentación a incluír na conta xustificativa para cada un dos dous pagamentos:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 16 de novembro de 2018.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola ASOCIACIÓN beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

- Os custos salariais acreditaranse con copias do contrato de traballo, nóminas asignadas polo perceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como xustificantes correspondentes ás cotizacións da Seguridade Social.

Cando a ASOCIACIÓN beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da ASOCIACIÓN, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO



Concello de Vigo

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Regulamento Europeo 2016/679 de Protección de Datos, de 27 de abril de 2016, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as

actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da ASOCIACIÓN a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I

ORZAMENTO DO PROGRAMA "VIGO, UN MAR DE CORAIS 2018"

1.- GASTOS:

| | |
|------------------------------------|-----------|
| 206 actuacións de 37 masas corais | 121.000 € |
| Aluguer do Auditorio "Mar de Vigo" | 31.460 € |
| Desprazamentos | 21.785 € |
| Material de difusión | 7.300 € |
| Publicidade en medios | 7.955 € |
| Agasallos | 5.500 € |



Concello de Vigo

TOTAL GASTOS **195.000 €**

2.- INGRESOS:

Subvención Concello de Vigo **195.000 €**

TOTAL INGRESOS **195.000 €**

ANEXO II

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN
MASAS CORAIS
PROGRAMA “ VIGO, UN MAR DE CORAIS 2018”**

D/Dna.....
en representación da entidade
CIF, con domicilio social en
.....
de VIGO, teléfono/s de contacto.....
correo electrónico

EXPÓN:

1. Que a coral..... realizou o concerto programado por ACOPOVI, en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día de de 2018, en.....
2. Que a coral presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.
- 3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de

OBSERVACIÓNS:.....

.....

VIGO, de de 2018

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE SELO DA ENTIDADE

Asinado:

22(1058).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DA XLI EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA. EXPTE. 2139/330.

Visto o informe xurídico do 27/08/18, e o informe de fiscalización do 18/09/18, dáse conta do informe-proposta do 10/08/18, asinado polo xefe do Servizo Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de rexistro da sede electrónica 9 de agosto, a Asociación Premios da Crítica Galicia presenta escrito de solicitude de subvención para a *XLI edición dos Premios da Crítica-Galicia*; por este motivo, con data 10 de agosto, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 9.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.14 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, campos para o que a asociación organiza a convocatoria anual dos **PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, que no ano 2018 chegan á súa cuatrixésima primeira edición. Estes premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O acto de entrega de premios da **XLI EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA** desenvolveranse o 10 de novembro de 2018.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 20.100 € (vinte mil cen euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 € (44,78 %)
- Secretaría Xeral de Cultura: 7.000 € (34,82 %)
- Deputación de Pontevedra: 2.500 € (12,44 %)
- Cotas xantar: 1.600 € (7,96 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:



Concello de Vigo

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do presidente
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente
- Escrito de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á **XLI EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**, para a organización do XLI edición dos Premios da Crítica-Galicia, obxecto do presente convenio, rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2018, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** ten como obxecto financiar a organización do XLI edición dos Premios da Crítica-Galicia, figurando na aplicación **3340.480.00.14** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 9.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 9.000 € (nove mil euros) á **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**, CIF. G27847839, para o financiamento da XLI edición dos Premios da Crítica-Galicia, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.14 “SUBVENCIÓN PREMIOS DA CRÍTICA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e á **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do XLI edición dos Premios da Crítica-Galicia”.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DA XLI EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA.



Concello de Vigo

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaoitto

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Bieito Ledo Cabido, na súa condición de presidente da ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA (CIF: G27847839) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social en Avenida Florida, 30, planta baixa, CP 36210 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a ASOCIACIÓN **PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, campos para o que a asociación organiza a convocatoria anual dos **PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, que no ano 2018 chegan á súa cuatrixésima primeira edición. Estes premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de dita actividade e acción e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da ASOCIACIÓN **PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**, concretamente na **XL EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade e da comunidade autónoma galega.

III.- Que con esta finalidade o Concello de Vigo colaborará no citado programa con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, a favor da ASOCIACIÓN **PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**, coa cantidade de 9.000 euros.

IV.- Que a **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as

subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver a **XLI EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, que se detalla na documentación achegada pola ASOCIACIÓN no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 20.100 € (vinte mil cen euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 € (44,78 %)
- Secretaría Xeral de Cultura: 7.000 € (34,82 %)
- Deputación de Pontevedra: 2.500 € (12,44 %)
- Cotas xantar: 1.600 € (7,96 %)

TERCEIRA.- DATAS DO PROGRAMA

O acto de entrega de premios da **XLI EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA** desenvolveranse o 10 de novembro de 2018.

CUARTA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1)Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Anxo Xoán Rajó Pazó.
- 2)Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3)Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4)Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5)Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.



Concello de Vigo

- 6) Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
- 7) Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 8) A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 9) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ASOCIACIÓN entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (9.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.
- 3.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo,

ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou



Concello de Vigo

actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ASOCIACIÓN está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a ASOCIACIÓN beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 16 de novembro de 2018.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos,

importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da ASOCIACIÓN, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN



Concello de Vigo

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Regulamento Europeo 2016/679 de Protección de Datos, de 27 de abril de 2016, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da ASOCIACIÓN a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO Iº
ORZAMENTO
XLI EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA

1.- GASTOS:

| | |
|-----------------------|---------|
| Edición de material | 350 € |
| Desprazamentos xurado | 2.800 € |



Concello de Vigo

| | |
|------------------------------------|-----------------|
| Deseño e impresión de serigrafías | 2.600 € |
| Xantar entrega de premios | 10.890 € |
| Gastos de recepción | 230 € |
| Presentación acto entrega premios | 300 € |
| Flores acto entrega premios | 300 € |
| Grupo musical acto entrega premios | 600 € |
| Equipo de son e do técnico | 650 € |
| Agasallos acto entrega premios | 630 € |
| Páxina web | 750 € |
| TOTAL GASTOS | 20.100 € |

2.- INGRESOS:

| | |
|-----------------------------|-----------------|
| Concello de Vigo | 9.000 € |
| Secretaría Xeral de Cultura | 7.000 € |
| Deputación de Pontevedra | 2.500 € |
| Cotas xantar | 1.600 € |
| TOTAL INGRESOS | 20.100 € |

23(1059).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE UN CONVENIO COA ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMA DE CONCERTOS DURANTE O EXERCICIO 2018. EXPTE. 2147/330.

Visto o informe xurídico do 29/08/18, e o informe de fiscalización do 18/09/18, dáse conta do informe-proposta do 10/08/18, asinado polo xefe do Servizo Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INFORME.-

Con data 8 de agosto, a asociación Orquesta Clásica de Vigo presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 9 de agosto, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do programa de concertos de 2018, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 16.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.04 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A Orquesta Clásica de Vigo é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia, con trinta e dous anos de existencia, e que ten acadado prestixio e personalidade propia no ámbito da música. A orquesta realiza de forma estable un programa de concertos anual, cunha actividade enfocada a investigar nos formatos e nas posibilidades de achegar a música a todos os públicos.

PROGRAMA:

Xoves 15 de marzo

Ondas do mar levado
Auditorio Municipal do Concello
Pagamento

Mércores 11 de abril

En feminino
Auditorio Municipal do Concello
Pagamento

Xoves 17 de maio

Letras Galegas
Auditorio Municipal do Concello
Pagamento

Sábado 22 de setembro

Tangata, 30 anos
Teatro Afundación
Pagamento

Xoves 4 de outubro

Requiem de Fauré
Teatro Afundación
Pagamento

Mércores 21 de novembro

Sibelius
Teatro Afundación
Pagamento

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 47.274,70 € (corenta e sete mil douscentos setenta e catro euros con setenta céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 16.000 € (33,84 %)
- Aportación da entidade: 19.174,70 € (40,56 %)
- Venda entradas: 12.100 € (25,60 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación



Concello de Vigo

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade
- Certificado exención de iva
- Póliza de seguro RC e recibo de pagamento
- Escrito remitido pola Orquesta Clásica de Vigo de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa de concertos 2018, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación Orquesta Clásica de Vigo, para a organización do programa de concertos 2018, obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado. Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Orquesta Clásica de Vigo deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2018, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS.-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Orquesta Clásica de Vigo ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos 2018 e figura na partida 3340.480.00.04 "CONVENIO ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 16.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Orquesta Clásica de Vigo é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN S DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 16.000 € (dezaseis mil euros) á Orquesta Clásica de Vigo, CIF. G36688422, para o financiamento do programa de concertos 2018, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.04 "CONVENIO ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Orquesta Clásica de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos 2018.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE CONCERTOS 2018

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaoto

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con



Concello de Vigo

endereço na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Gustavo Adolfo Barcia González, na súa condición de presidente da Orquesta Clásica de Vigo (CIF: G-36688422) (en adiante a ASOCIACIÓN), con endereço na Avenida Clara Campoamor, 28, CP 36213 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia, con trinta e tres anos de existencia, e que ten acadado prestixio e personalidade propia no ámbito da música. A orquesta realiza de forma estable un programa de concertos anual, cunha actividade enfocada a investigar nos formatos e nas posibilidades de achegar a música a todos os públicos.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO**, como medio que é de promover a música na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.04, como subvención nominativa, a favor da **ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO**, a cantidade de 16.000 euros.

IV.- Que a **ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa de concertos durante o exercicio 2018, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio

SEGUNDA.- PRESUPUESTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 47.274,70 € (corenta e sete mil douscentos setenta e catro euros con setenta céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 16.000 € (33,84 %)
- Aportación da entidade: 19.174,70 € (40,56 %)
- Venda entradas: 12.100 € (25,60 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Xoves 15 de marzo

Ondas do mar levado
Auditorio Municipal do Concello
Pagamento

Mércores 11 de abril

En feminino
Auditorio Municipal do Concello
Pagamento

Xoves 17 de maio

Letras Galegas
Auditorio Municipal do Concello
Pagamento

Sábado 22 de setembro

Tangata, 30 anos
Teatro Afundación
Pagamento

Xoves 4 de outubro

Requiem de Fauré
Teatro Afundación
Pagamento

Mércores 21 de novembro

Sibelius
Teatro Afundación
Pagamento

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Gustavo Adolfo Barcia González, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.



Concello de Vigo

3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ASOCIACIÓN entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (16.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.
3. Ceder gratuitamente o Auditorio Municipal do Concello según a súa dispoñibilidade e necesidades do propio Concello, para o que a ASOCIACIÓN presentará a solicitude correspondente, cunha antelación mínima de un mes respecto á data do concerto.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de



Concello de Vigo

difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 16 de novembro de 2018.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.

3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do RD 887/2006, de 12 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



Concello de Vigo

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Regulamento Europeo

2016/679 de Protección de Datos, de 27 de abril de 2016, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes



Concello de Vigo

orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I

ORZAMENTO DO PROGRAMA ANUAL DE CONCERTOS 2018 ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

1.- GASTOS:

| | |
|-------------------------------|------------|
| Partituras | 3.872 € |
| Aluguer de espazos | 4.356 € |
| Cachés | 842 € |
| Dietas orquestra | 20.000 € |
| Aluguer instrumentos | 1.573 € |
| Produción concertos | 2.367,39 € |
| Xestión e organización | 3.261,74 € |
| Comunicación | 841,74 € |
| Seguro accidentes | 509,30 € |
| Seguro RC | 255,09 € |
| Fotografía | 757,57 € |
| Deseño | 420,87 € |
| Imprenta | 2.420 € |
| Fotocopias | 1.210 € |
| Caterin | 3.520 € |
| Web | 100 € |
| Aluguer material e transporte | 968 € |

TOTAL GASTOS **47.274,70 €**

2.- INGRESOS:

| | |
|-----------------------------|-------------|
| Subvención Concello de Vigo | 16.000 € |
| Venda de entradas | 12.100 € |
| Aportación da entidade | 19.174,70 € |

TOTAL INGRESOS **47.274,70 €**

24(1060).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez.